


# PROGRAMACIÓN ANUAL

**CURSO 2020-2021**



**O BosQue**

Escola infantil  
municipal

# ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
2.- OBXECTIVOS XERAIS.....	4
3.- PROGRAMACIÓN ANUAL POR AULAS.....	5
Programación de aula 0-1anos	
Programación de aula 1-2 anos	
Programación de aula 2-3 anos	
4.- CRITERIOS METODOLÓXICOS.....	44

## I.- INTRODUCCIÓN

Este curso 2020-2021 que comeza , a Escola Infantil Municipal “ O BOSQUE” conta con 8 unidades e cada unha delas terá dúas persoas o cargo dos nenos/as. As unidades estarán repartidas do seguinte xeito:

### Aulas de 0-1 anos

#### Aula A

- Mestra: Rosa Rial
- Educadora: Lucía Regueiro

#### Aula B

- Educadora: Sandra Santiso
- Educadora: Carmela Outeiro

### Aulas de 1 -2 anos

#### Aula A

- Educadora: Susana Seoane
- Educadora: Alba I Freiria

#### Aula B

- Mestra: Ana Porto
- Educadora: Eva García

#### Aula C

- Educadora:Pilar Souto
- Educadora: Mar Alvarez

### Aulas de 2 – 3 anos

#### Aula A

- Educadora: Miki Villar
- Educadora: Maite Patiño

#### Aula B

- Mestra: Rosa Lourido
- Educadora: Mar Noguera

#### Aula C

- Educadora: Carmen Campos
- Educadora: Mónica Gómez( baixa maternal, substitúe Belén Patiño)

Cada idade ten as súas características determinadas e cada nen@ o seu ritmo de aprendizaxe propio, tendo en conta todo isto expoñeremos a continuación a Programación Anual que a Escola levará a práctica durante o curso 2020-2021.

## II.- OBXECTIVOS XERAIS

- Identificar e expresar as súas necesidades básicas de saúde e benestar, de xogo e de relación e resolver autonomamente algunhas delas mediante estratexias e actividades básicas de coidado, alimentación e hixiene.
- Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o seu propio corpo, os seus elementos básicos, as súas características, valorando as súas posibilidades e limitacións, para activar de forma cada vez máis autónoma nas actividades habituais.
- Relacionarse cos adultos e con outros nen@, percibindo e aceptando as diferentes emocións e sentimentos que se lle dirixen, expresando os seus e desenvolvendo actitudes de interese e axuda.
- Observar e explorar activamente o seu entorno inmediato e os elementos que o configuran e, coa axuda do adulto ir elaborando a súa percepción dese entorno, e atribuíndolle algunha significación.
- Regular paulatinamente o seu comportamento en propostas de xogo, de rutinas e outras actividades que lle presenta o adulto, gozando coas mesmas e empregándoas para dar cauce ós seus intereses, coñecementos, sentimentos e emocións.
- Coordinar a súa acción coa acción dos outros, descubriendo pouco a pouco que os demais teñen a súa propia identidade, as súas pertenzas e relacións, e aceptándoas.
- Comprender as mensaxes, ordes que nos contextos habituais se lle dirixen, aprendendo progresivamente a regular o seu comportamento en función deles.
- Comunicarse cos demais empreñando a linguaxe oral e corporal para expresar os seus sentimentos, desexos e experiencias e para influír no técnicas e recursos máis básicos.
- Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu entorno, amosando actitudes de respecto, interese e participación cara elas.

### **III.- PROGRAMACIÓN**

#### **AULAS DE 0 - 1 ANOS**

##### **INTRODUCCIÓN**

Comezamos unha nova etapa moi especial, posto que acabamos de despedir aos nosos nenos e nenas que xa se van para o cole de maiores. Con moitos deles estivemos disfrutando, experimentando, estimulando, abrazando, bicando... ao longo dos seus tres primeiros anos de vida. Agora, tócanos empezar de novo cos vosos fillos e fillas, aos que acolleremos con moita tenrura e ledicia e con moitas ganas de compartir con vós e con eles todos os seus avances, os seus logros e as súas primeiras experiencias.

Sabemos que para vós, como pais e nais, é unha decisión moi difícil a de ter que deixar ao voso pequeno con xente que non coñeces durante varias horas ao día. Pola nosa parte, podeades estar tranquilos posto que estaremos entregadas a eles durante as horas que permanezan na escola, tendo cubertas as súas necesidades básicas de alimentación, hixiene, descanso, afectivas, de socialización, de xogo e movemento, de experimentación e descubrimento...e creando un clima de seguridade e confianza para todos e cada un dos nenos e nenas. Para que exista un ambiente de seguridade afectiva, ofreceremos espazos que garanticen a seguridade física dos pequenos, que sexan cálidos e acolledores, que promovan as relacións interpersoais e faciliten a exploración, a investigación e a experimentación do neno.

Axudarémolos e estimularémolos para que o seu desenvolvemento sexa máis divertido, educativo e san. Sempre respectaremos a individualidade de cada bebé, o seu ritmo vital, a súa madurez...En todo momento partiremos do nivel de desenvolvemento de cada neno, valorando os coñecementos previos cos que conta e asegurando a construción de aprendizaxes significativos que o neno poida utilizar en calquera momento da súa vida cotiá.

As rutinas da clase son os momentos máis importantes posto que axudan a que o bebé, que aínda non ten noción do tempo, se poida anticipar o que vai suceder a continuación, e así se sinta máis seguro. A través das rutinas diarias tamén se producen magníficas oportunidades para aprender e sentimentos como a estabilidade, a seguridade, a confianza, o afecto...Desde moi temperá idade, o bebé saberá manifestarnos a súa satisfacción ou malestar segundo foran atendidas as súas necesidades. Estas rutinas son: a hora da galleta, o xantar, a hora de saír ó patio, a hora da sesta, o xogo, o cambio de cueiro...

O longo do curso é fundamental manter cos pais un vínculo de comunicación activo mediante a TokApp e vía telefónica si é preciso. Así saberemos cada día o estado anímico do neno si descansou na casa, si lle doe algo, a que hora lle toca o biberón... e así as educadoras poderemos atender individualmente a cada neno en base ás súas necesidades e características.

Así mesmo, tamén se intentarán crear situacións de aprendizaxe que favorezan o desenvolvemento do neno e que lle axuden a adquirir seguridade persoal, tanto a nivel psicomotor e lingüístico coma desde o punto de vista psicolóxico.

Na data na que estamos realizando a presente programación, non temos aínda a lista definitiva para o curso que ven, pero si que temos unha orientativa. Debido á alerta sanitaria motivada polo COVID-19, os prazos de solicitude de prazas e de matrícula víronse retrasados. Por ese motivo, a finais de xuño, aínda non hai ningún neno nin nena matriculado.

Si temos en conta a lista provisional, podemos afirmar que teremos as dúas unidades de bebés con todas as prazas completas. É dicir, teremos en A 8 bebés e en B 7, posto que nesta clase hai unha praza reservada para unha emerxencia social.

A programación anual farémola pensando nestas hipotéticas listas. As idades dos bebés están comprendidas entre os 4 e os 8 meses a inicio de curso.

Á hora de prantexarnos como será a nosa programación para as aulas de bebés, debemos ter en conta os aspectos psicoevolutivos de cada un dos nenos e nenas que imos ter ao noso coidado.

- **Características afectivo-sociales:**

Entre os 3 e os 6 meses, o bebé reconece perfectamente ás persoas que o rodean, moi especialmente ao seu pai e á súa nai, cos que irá interactuando progresivamente. Ao remate do segundo trimestre xa é capaz de expresar o agrado ou desagrado de diferente maneira: sorrí, aplaude, move brazos e pernas, grita... Igualmente mostrase amistoso ou reacciona negativamente ante persoas ou situacións novas e descoñecidas para el.

Entre os 6 e 9 meses atende á voz que o chama polo seu nome, entretense xogando só aínda que prefere a presenza de outras persoas. Expresa resistencia cando non quere facer algo determinado. Reacciona ante a súa imaxe no espello tocándoa, sorrindo... Gústalle ser o centro de atención e sente a necesidade de ser aprobado na súa conduta, repetindo aquilo que sabe que agrada aos demais.

O bebé de 9 a 12 meses prefere a presenza dos adultos fronte a dos nenos da súa idade. Comenza a ser algo autónomo nalgunhas das rutinas da vida cotiá relacionadas coa hixiene, a alimentación, o descanso e o xogo empeñándose en realizalas sen axuda. Progresivamente imita un maior número de condutas. Coopera cando a actividade proposta lle agrada, pero si non lle gusta reacciona negativamente. Ao final do trimestre participa mais activamente nas actividades e comeza a disfrutar da súa independencia. Expresa e reconece un maior número de emocións.

- **Desenvolvemento da linguaxe:**

Entre os 3 e os 6 meses xa balbucea e vocaliza novos sons con diferentes entoacións. Articula as primeiras consoantes e intenta intervir nas conversas interrumpíndoas. Ao final do trimestre emite todas as vocais e algúns bisílabos. De 6 a 9 meses o seu nivel de comprensión progresa e entende moitas das expresións que lle dicimos. Iníciase no control sobre a entoación e a prosodia. Pode articular algunhas palabras como "papá" e "mamá", e inicia monólogos

incomprensibles para os demais. Ao final do trimestre comprende o significado de mais palabras e dalgunhas ordes.

De 9 a 12 meses aumenta as súas vocalizacións ás que lles continúa engadindo consoantes. Imita o son dalgúns animais e realiza algunhas onomatopeias. Comprende o significado dalgunhas negacións, aínda que as pode ignorar cando non lle interese o seu cumprimento. Ao remate do trimestre emite algunhas palabras con significado e as súas verbalizacións son mais fáciles de entender. É fundamental que nesta etapa desenrole progresivamente a linguaxe comprensiva.

- **Desenrolo psicomotor:**

Entre os 3 e os 6 meses acada o control total da cabeza e aprende a darse a volta de boca abaixo a boca arriba e viceversa. Os movementos das extremidades son algo mais coordinados. É capaz de alcanzar obxectos que se lle poñen ao seu alcance, tocalos e levalos á boca. Arrastrase para coller obxectos que captan a súa atención. Ao final do trimestre pode darse a volta en ambas direccións sen problema, e algúns bebés xa comezan a gatear. Outros prefiren desprazarse doutras formas: sentados dobrando as pernas para deslizar as cachas, rodando, arrastrando a barriga axudado de brazos e pernas...Gústalle manipular obxectos, deixalos caer ou facelos soar.

De 6 a 9 meses xa se pode desprazar mediante o gateo, aínda que non todos os bebés pasan por esta fase. Xa se senta sen apoios e pode arrastrar obxectos cara el. A psicomotricidade fina avanza de forma importante, podendo coller dous obxectos con ambas mans simultaneamente, e pode utilizar os dedos para manipularlos. Algúns bebés poden manterse de pé sosténdose sobre algo. Ao final do trimestre pode permanecer firme cando estea sentado inclinándose cara ambos lados. Progresivamente aumentan a coordinacións das extremidades, o control postural e o equilibrio. Comeza a utilizar a pinza dixital.

De 9 a 12 meses o bebé dá os seus primeiros pasos e aprende a dobrar os nocellos e a sentarse desde a posición de pé. Poderá agacharse, sentarse sobre os nocellos e algúns camiñar agarrados da man. Tamén poden aprender a baixar escaleiras gateando cara atrás ou sentado. Manipula obxectos con ambas mans e descubre que pode utilizalas independentemente unha da outra. Poden coller obxectos diminutos.

- **Desenrolo cognitivo:**

Entre os 3 os 6 meses os avances no plano motriz e na coordinación sensorial condúceno a unha maior interese por explorar os obxectos do seu contorno. Pode enfocar a visión a diferentes distancias. Iníciase á discriminación dos obxectos atendendo á cor, á forma...O campo visual amplíase progresivamente, desenrolando a coordinación da vista co movemento das mans e do corpo. Ao final do trimestre a coordinación e madurez visual serán similares ás do adulto. O bebé ao longo deste trimestre descubre a relación causa-efecto. A memoria continúa desenvolvéndose, lembra as accións mais inmediatas e recoñece mais obxectos de uso cotiá. Ao final do trimestre empeza a adquirir o concepto de permanencia do obxecto.

De 6 a 9 meses os avances no plano motriz permiten ao bebé maior precisión na manipulación dos obxectos. Pode introducilos e sacalos de recipientes, golpealos, deixalos caer e collelos, buscar aqueles que están fora do seu alcance visual. Ademais, responde a ordes sinxelas dadas por un adulto. É

capaz de lembrar unha serie de accións inmediatas e incluso anticiparse e esperar un evento que sabe que vai a ocorrer.

Entre os 9 e os 12 meses gústalle experimentar accións, provocar eventos para observar o efecto que producen. Pouco a pouco vai resolvendo pequenos problemas que se lle plantexan utilizando diferentes medios. Comeza a realizar asociacións simples. Ao final do trimestre o concepto de permanecía do obxecto está mais consolidado, sabe que as persoas e obxectos existen aínda que non poida velos.

Presentamos a continuación a programación anual. Unha vez saibamos con exactitude os protocolos a seguir debido ao COVID-19, poderemos decidir as actividades que podemos levar a cabo e as que teremos que anular ou aprazar.

## **PROGRAMACIÓN**

### **COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL**

#### **OBXECTIVOS**

- Introducirse no coñecemento da propia identidade.
- Iniciar a observación, o recoñecemento e os movementos das mans e os pes.
- Identificar e sinalar as partes do corpo: mans, pes, cabeza, boca e ollos.
- Coordinar progresivamente ámbalas mans en accións de agarre, soltar, golpear, enrugar, apiñar, beliscar, abrir, cerrar...
- Mostrar unha boa disposición por probar novos alimentos e aceptar os cambios que sofre de forma progresiva a alimentación.
- Utilizar as experiencias sensoriais para iniciarse na toma de conciencia do propio corpo e no coñecemento de sí mesmo.
- Descubrir e experimentar as propias posibilidades sensoriais: táctiles, gustativas, olfativas...
- Expresar emocións e sentimentos de ledicia e tristura e sorpresa.
- Recoñecer e reaccionar ante as expresións de ledicia e tristura dos outros.
- Descubrir e experimentar coas propias posibilidades manipulativas.
- Mobilizar e activar a boca e a lingua para a emisión de sons.
- Descubrir e utilizar as propias posibilidades motrices, sensitivas e expresivas, adecuándoas ás diversas actividades da súa vida cotiá.
- Desenrolar as habilidades motrices de: reptación, gateo, poñerse de pe, dar os primeiros pasos con apoio e comenzar a camiñar.
- Ser capaz de relaxarse e gozar das masaxes como técnica de desenvolvemento sensorial e interacción social.
- Desenrolar a coordinación óculo-manual e as habilidades motrices de carácter fino para a exploración e manipulación de obxectos durante o xogo.
- Desenrolar mecanismos de adaptación a situacións novas.
- Progresar no desenrolo emocional adaptándose a situacións e actividades novas, demandando axuda, diminuindo o temor aos



descoñecidos, controlando a ansiedade de separación, sentindo pracer polos novos logros...

- Adaptarse de xeito progresivo aos hábitos relacionados coa alimentación, o descanso e hixiene.

## **CONTIDOS**

### Bloque 1- O corpo.

- Segmentos corporais: mans, pes, cabeza, boca e ollos.
- Utilización das mans e os pes para explorar o propio corpo: a cabeza, o rostro, a boca...
- Experimentación e percepción de sensacións táctiles, olfativas, gustativas, visuais e auditivas.
- Mobilización e exercitación dos órganos activos da fonación.
- Coordinación óculo-manual e habilidades motrices de carácter fino.
- Planificación progresiva da propia acción desprazándose para obter obxectos.
- Iniciación na toma de conciencia do propio corpo e no coñecemento de sí mesmo: a propia imaxe reflectida ou en fotografías.
- Coordinación e afianzamento progresivo das habilidades motrices para a reptación, o gateo, poñerse de pe e dar os primeiros pasos con axuda.
- Estimulación dos sentidos: gusto, vista, ulido, tacto, oído.

### Bloque 2- A identidade, a autonomía e as emocións.

- Manifestación e expresión progresiva de emocións, sentimentos e estados de ánimo: enfado, lelicia, tristura e sorpresa.
- Reacción ante as emocións dos outros.
- Posibilidades motrices: volteo, reptación, gateo, manterse de pe con apoio...
- Coordinación e afianzamento progresivo das súas posibilidades motrices para manterse en pe e dar os primeiros pasos con axuda.
- Adaptación a situacións de aprendizaxe novas.
- Identificación do seu propio nome e do dos demais.
- Experimentación das diferentes sensacións que proporciona o xogo e o movemento.
- Identificación do que gusta e do que non gusta.
- Ampliación dos lazos afectivos con outras persoas adultas, para obter axuda e seguridade.
- Gozo dos propios logros e conquistas.

### Bloque 3- O coidado persoal.

- Adaptación progresiva aos hábitos relacionados co vestido.
- Colaboración activa ao vestilo e desvestilo.
- Aceptación das rutinas establecidas para a alimentación e o descanso.
- Planificación progresiva nos hábitos relacionados coa hixiene.

- Útiles e rutinas de aseo.
- Regulación progresiva dos ritmos de sono-vixilia, actividade-descanso, acción-relaxación.
- Establecemento progresivo de hábitos relacionados coa alimentación.
- Participación activa na alimentación aceptando a introdución de novos alimentos.
- Participación na propia alimentación levando o biberón á boca e aceptando a toma de alimentos con culler.

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO.**

### **OBXECTIVOS**

- Experimentar as dimensións dos obxectos a través da manipulación.
- Experimentar e descubrir tamaños a través da percepción sensorial.
- Utilizar as propias posibilidades sensoriais para observar e explorar as cores.
- Observar os espazos e materiais da aula.
- Familiarizar ao neno e nena coa actividade, a vida cotiá da aula, os outros nenos e nenas e as docentes que o atenden.
- Identificar aos familiares cos que convive.
- Relacionarse e establecer vínculos afectivos coas persoas do seu contorno: pais, compañeiros e docentes.
- Ser capaz de durmirse no seu berce sen estar presente un adulto.
- Ser capaz de adaptarse as pequenas rutinas e actividades diarias.
- Saudar e despedirse de maneira axeitada á súa idade.
- Sentir necesidade de experimentar con distintos xoguetes e materiais.
- Recoñecer algún animal e o son que emite: can, gato, vaca...
- Gozar coas celebracións que realizamos na escola.
- Gozar coa realización de actividades ao aire libre.
- Observar e familiarizarse con elementos e fenómenos do entorno natural inmediato: frío, chuvia, neve, vento...
- Desenrolar actitudes de curiosidade explorando e experimentando sensorialmente con elementos e obxectos do medio natural propios das épocas otoñal e primaveral.
- Resolver dificultades desenrolando habilidades para orientarse no espazo.

### **CONTIDOS**

#### Bloque 1- O medio físico.

- Descubrimento sensorial de formas, cores, tamaños, texturas, sons...
- Localización de estímulos do entorno.
- Recoñecemento dalgúns obxectos do uso cotiá: biberón, babeiro, chupete, culler, cueiro.
- Orientación espacial: resolución de dificultades desprazándose no espazo.

## Bloque 2- Achegamento á natureza.

- Fenómenos y elementos do contorno natural inmediato: frío, chuvia, neve, vento, flores, sol, calor...
- Observación e exploración de elementos que compoñen o entorno natural: árbol, pedra, area, sol, nubes...
- Observación e experimentación con elementos naturais do contorno: plantas, flores, auga, area, pedras, froitas...
- Recoñecemento dos animais máis comúns.

## Bloque 3- Cultura e vida en sociedade.

- Adaptación e participación nas rutinas e actividades cotiás.
- Utilización das situacións de xogo como elemento de socialización.
- Exploración e experimentación das propiedades dos obxectos durante o xogo.
- Recoñecemento e exploración de alimentos e obxectos que utiliza durante as rutinas.
- Identificación dos familiares cos que convive e se relaciona afectivamente.
- Potenciación das relacións persoais de convivencia reforzando os contactos afectivos entre os compañeiros.
- Identificación dos xestos de saúdo e despedida.
- Días especiais: Día da Paz, Día do Pai e Día da Nai.

## **AREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

### **OBXECTIVOS**

- Emitir sons variando o volume e o ton, con diferentes intencións: gorgoros, runruneos e vocalizacións espontáneas.
- Estimular a comunicación e a expresión a través da produción de sons acompañados de movementos e xestos.
- Aumentar a linguaxe verbal comprensiva coñecendo o vocabulario básico relacionado coa alimentación.
- Desenrolar a capacidade de expresión oral con intención comunicativa.
- Comprender as mensaxes que lle comunica o adulto, a partir do ton de voz, a expresión facial e os xestos, aprendendo progresivamente a regular o seu comportamento en función de eles .
- Observar e explorar imaxes e soportes de texto.
- Gozar coa narración de contos.
- Aumentar progresivamente o tempo de atención concentrada ante a narración e exploración dun conto.
- Manifestar e comunicar necesidades básicas a través de xestos e movementos corporais.
- Dominar progresivamente a coordinación corporal para explorar e reproducir as accións dos obxectos do entorno inmediato.
- Participar en xogos de imitación de xestos e movementos corporais.

- Descubrir e utilizar as propias posibilidades sensoriais con distintos materiais.
- Experimentar a exploración e manipulación de materias para a expresión plástica.
- Iniciarse na expresión por medio do garabateo.
- Experimentar as propias posibilidades motrices de carácter fino para explorar materiais reutilizables.
- Iniciarse no recoñecemento e imitación de sons onomatopéicos de animais.
- Participar na interpretación de cancións sobre animais.
- Desenrolar a capacidade de expresión musical a través da reprodución de sons que escoitan.
- Discriminar e localizar sons.
- Gozar das audicións musicais.
- Reaccionar as modulacións de voz e á música.
- Responder a cancións e melodías mediante movementos corporais.

## **CONTIDOS**

### Bloque 1- Comunicación xestual e oral.

- Xogos vocais: gorgoros, runruneos e vocalizacións espontáneas.
- Vocalización de sílabas.
- Emisión de cadeas de sons consoante-vocal.
- Sílabas repetitivas, combinación de dúas sílabas distintas.
- Pronunciación das primeiras palabras.
- Grafomotricidade: garabateo con ceras, con témperas...
- Resposta á chamada do adulto xirando a cabeza e emitindo sons.
- Comprensión do vocabulario básico relacionado coa alimentación.
- Comprensión das intencións comunicativas do adulto a partir do tono de voz, a expresión facial e os xestos.
- Manifestación corporal de necesidades básicas: fame, sono, benestar, hixiene...
- Esfuerzo por comunicar as súas necesidades a través de xestos e movementos corporais.
- Imitación de accións e movementos corporais sinxelos.

### Bloque 2- Expresión plástica e musical.

- Experimentación coas sensacións que producen materiais brandos, duros, rugosos, lisos, suaves, ásperos, ríxidos, flexibles, pesados e lixeiros. .
- Manipulación activa de materiais e obxectos e a súa utilización para a expresión plástica: pintura de dedos, xelatinas espumas...

- Experimentación con materiais reutilizables do contorno inmediato: plástico, cartón, madeira...
- Curiosidade por experimentar sensacións táctiles con distintos materiais para a expresión plástica.
- Interese e gozo pola experimentación e creación de obras plásticas moi sinxelas.
- Sons cotiás, musicais,...
- Ritmos, cancións e melodías.
- Realización de movementos corporais imitados e espontáneos como resposta a cancións e melodías.
- Audicións de música clásica.
- Observación, recoñecemento e reprodución de onomatopeias sinxelas de animais: cans, gatos, parrulos, vacas, cabalos...

### Bloque 3- Representación escrita e dramática.

- Observación de imaxes e ilustracións mentras o adulto narra un conto.
- Interese e gozo á hora de mirar os libros e escoitar a súa lectura.
- Interese e gozo á hora de participar en representacións dramáticas.
- Exploración de contos de diferentes materiais, de láminas, revistas...

## **ESQUEMA DE ACTIVIDADES**

### **PRIMEIRO TRIMESTRE**

- Caixa “Os meus primeiros tesouros”.
- Masaxes relaxantes.
- Samaín: as nosas primeiras cabazas.
- Cesto dos Tesouros (mensual)
- Magosto: experiencia con follas secas e froitos de outono.
- Nadal: manualidade.
- Cubo das estacións: outono, nadal, inverno
- Experiencias sensoriais con botellas, bolsas, guantes...
- Experiencia con cintas: dentro de botes, en aros, en caixas...

### **SEGUNDO TRIMESTRE**

- Caixa “ Os meus primeiros tesouros” (continuación).
- Entroido: o noso primeiro disfraz.
- Cesto dos Tesouros (mensual).
- Día da Paz.
- Alfombra de texturas.
- Celebración dos primeiros aniversarios.
- Cubo das estacións: inverno, primavera...
- Experiencia con alimentos crús e cocidos: spaghettis ou macarróns.

## TERCEIRO TRIMESTRE

- Caixa “Os meus primeiros tesouros” (continuación).
- Día do Libro (Guiñol).
- Cesto dos Tesouros (mensual).
- Celebración dos primeiros aniversarios.
- Portas Abertas
- Día da familia.
- Arte: experiencia con pintura.
- Experiencia con alimentos: xelatina, nata e chocolate.
- Cubo das estacións: primavera, verán( o fondo mariño)
- Experiencia con auga.
- Experiencia con xeo de froitas (papilla de froita conxelada e froitas conxeladas).
- O cacho

## ACTIVIDADES TRIMESTRAIS

As actividades desenvólvense o longo do curso en tres trimestres:

### PRIMEIRO TRIMESTRE

A Adaptación é o momento máis delicado do curso. As educadoras intentaremos crear un ambiente tranquilo cheo de propostas que os relaxe e lles de seguridade. Ver Anexo.

O mes de setembro serviranos para coñecer o nivel de desenvolvemento de cada neno e nena e facer unha avaliación inicial que nos indique o punto do que partimos con cada bebé.

#### **Actividades propostas:**

- Cada día recibiremos aos bebés con ledicia e tenrura. Faremos que cada un se sinta importante, esperado e querido. Darémoslles apertas, sorriremos e falarémoslles mirándoos aos ollos.
- Construiremos **O CUBO DAS ESTACIÓNS**. Terá unha estrutura plastificada e resistente que poidamos desinfectar continuamente. Decorarémolo en función da estación na que nos atopemos, coas cores típicas de cada unha, por exemplo, en outono terá cintas de cores amarelo, laranxa, vermello e marrón. Poderá ter algún móbil con follas otoñais, nubes con chuvia, coxíns ...Iremos cambiando a decoración en cada estación ou incluso si queremos utilizalo de forma puntual con outros contidos..
- Empezamos a completar a nosa **CAIXA “ OS MEUS PRIMEIROS TESOUROS”**. Esta caixa pedirémola ás familias dos cativos, e a medida que avance o curso irémola enchendo de manualidades, recordos, xoguetes de apego, o primeiro chupete que usou na escola, a foto do

seu primeiro día na escola, e moitas cousas máis que sexan un bonito recordo do seu bprimeiro ano na escola.

- Cambiaremos de cueiro tantas veces como sexa necesario. Esta é unha actividade chea de afectividade.
- Estableceremos **rutinas** diarias: a hora do descanso, da galleta, da comida.
- Experimentaremos con **botellas, luvas e bolsas sensoriais**.
- Xogaremos a balancealos nos nosos brazos.
- Colocamos ó bebé diante do espello para que se vexa e nos observe a nós tamén.
- Deitámolos nas colchonetas para que xoguen nos ximnacios e nas mantas de actividades.
- Xogarán libremente con botes que conteñen cintas, aros grandes e pequenos con **cintas de cores**, caixas con gomas ou cintas que lle dificultan coller os obxectos que haxa dentro...
- Ofrecerémolles xoguetes que emitan sons axudándolle a premer nos distintos botóns para que nos sorprendan con distintas melodías.
- Intentaremos poñer diante deles xoguetes atractivos para que se esforcen en desprazarse, cada un dentro das súas posibilidades, para alcanzalos.
- Ofrecerémolles xoguetes ou obxectos de tamaño axeitado para que os manipulen: os agarren, os cambien de man, os chupen, os solten...
- Balancearémolos deitados sobre un balón grande, aguantándoos para que non caian..
- Deitarémolos na colchoneta boca a baixo e intentaremos que levanten a cabeza buscándonos segundo por onde lles falemos.
- Xogamos a esconder obxectos diante deles e logo encontrámolos.
- Os que xa se aguanten sentados poderán estar sentados nas colchonetas e manipular axóuxeres, obxectos brandos que poidan chupar, peluches suaves, xoguetes musicais...
- Os máis pequeniños que non se aguanten sós estarán sentados nos bumbos manipulando os obxectos dos ximnacios, os mordedores, os axóuxeres...
- Xogamos con eles colléndoos por debaixo dos brazos e levantámolos facendo movementos de arriba a baixo facendo que toquen o chan cos seus pes.
- Facemos actividades psicomotoras para adquirir mobilidade nas extremidades, no pescozo, levantala cabeza, dala volta, sentarse...
- Sentámolo nen@ nos nosos xeonllos e agarrámolo polas costas e mirando cara nós xogamos con el.
- Celebraremos o **Samain**. Observaremos e manipularemos cabazas de distintos tamaños e formas.
- Celebraremos o **Magosto** e xogaremos con follas secas e outros froitos típicos do outono.
- Escoltaremos cancións infantís, música clásica, panxoliñas...
- Decoraremos as clases con motivos de nadal.
- Confeccionaremos un agasallo de Nadal.
- Participaremos no **festival de Nadal** si requiren a nosa presenza.
- **Cesto dos tesouros**: contén obxectos da vida cotiá con distintas texturas, formas, volumes, cores, consistencias, pesos, sons... que iremos cambiando mensualmente en función dos intereses do momento.

- **Masaxes:** utilizarémolos como técnica para o desenvolvemento sensorial e interrelación afectiva. A súa duración será breve e crearemos un ambiente cómodo e agradable para que o bebé esté relaxado e disfrute da experiencia. Repetiremos a experiencia sempre que sexa posible e se den as condicións precisas(boa temperatura, tranquilidade, saúde do bebé...).

## **SEGUNDO TRIMESTRE: XOGAMOS TODOS XUNTOS.**

Neste trimestre xa está esquecido o período de adaptación e xa son tres meses máis maiores, o cal nestas idades implica un maior abanico de capacidades, habilidades, actitudes e actividades que se poden levar a cabo. Ó longo deste trimestre repetiremos moitas actividades xa realizadas en meses anteriores para afianzar destrezas e adquirir aquelas que non foi posible conseguir, pero tamén realizaremos outras que nos axuden a desenvolver novas capacidades.

Os bebés teñen agora unhas idades comprendidas entre os 8 e os 12 meses, e comenzaremos a celebrar xa os primeiros aniversarios.

### **Actividades propostas:**

- Expresarnos co noso corpo.
- Continuamos gardando cousiñas especiais na **CAIXA “OS MEUS PRIMEIROS TESOUROS”**
- Preparámolo **Entroido** e participamos na festa, sempre dentro das nosas posibilidades.
- Continuamos experimentando no **CUBO DAS ESTACIÓNS**, agora cheo de copos de neve, luces brancas pola parte superior, bufandas, gorros...
- Xogamos con pelotas de distintos tamaños.
- As profes balancéannos nunha manta.
- Celebramos o noso **primeiro aniversario** cun biscoito para soprar a nosa primeira vela xusto o día do noso aniversario.
- Celebrámolo **Día da Paz. (30 de Xaneiro).**
- escoitamos música clásica, popular galega, cancións infantís...
- Xogarán con distintos xoguetes:: correpasillos, de arrastre, axóuxeres...
- Farán desprazamentos en función das súas posibilidades: gatear, arrastre, camiñar...As profes axudámoslos a avanzar colléndoos polos brazos e intentando que dean pasifios, colocámoslos en posición de gateo e intentamos que avancen. Poñémoslos de costas á parede e cos brazos estirados chamámoslos para que intenten chegar a nós...
- Realizaremos, coa colaboración das familia, unha **ALFOMBRA DE TEXTURAS** na que poidan experimentar sensorialmente.
- Xogaremos con **animais** e imitamos o seu son. Repetiremos os nomes dos animais cando xogamos con eles para que os vaian asociando Nome- figura-honomatopeia.
- Manipularemos xogos nos que facemos torres e despois tirámoslas.
- Metemos pezas dentro de caixas e despois sacámoslas.
- Xogamos ás agachadas detrás da cortina que temos no moble.
- Metémonos dentro de caixas grandes e coa axuda das profes saímos.



- Empezaremos a saír ao patio exterior, observando os xoguetes tan chulos que hai nel e recorréndoo a gatas ou xa camiñando.
- Poñémolos cara ó espello agarradiños á barra ou ao bando para que se movan.
- Miraremos contos.
- escoitar os contos que nos contan as educadoras.
- Ampliamos o noso vocabulario.
- Facemos auga de cores mesturando pintura con auga e despois metémola en botellas que podemos botar a rodar.
- Faremos unha experiencia con **alimentos crús e cocidos**, por exemplo spaghettis.
- Seguiremos experimentando co **Cesto dos tesouros**.

## TERCEIRO TRIMESTRE

Xa estamos no derradeiro trimestre do curso! Como no trimestre anterior seguiremos repetindo actividades para afianzar destrezas e introducindo outras para seguir evolucionando segundo as características de cada un.

Agora xa son nenos e nenas maiores, posto que todos rematan o trimestre co ano cumprido. As idades dos cativos van desde os 11 meses ata os 15, así podémonos propoñer moitas máis actividades.

### **Actividades propostas:**

- Disfrutaremos con actividades o aire libre. Sairemos ao patio de fora sempre que o tempo o permita.
- Realizaremos o **agasallo para a FAMILIA. Día da Familia (15 de maio)**.
- Xogaremos con bonecas, coches, talleres, cociñas...
- Observamos e manipulamos instrumentos musicais.
- Recibimos a primavera con distintas actividades: observar cambios da paisaxe, ulimos flores...
- O noso **CUBO DAS ESTACIÓNS** agora estará cheo de fores, de sol...e cando chegue a calor, transformarémolo no fondo mariño.
- Experimentamos con diferentes alimentos: xelatina, nata, chocolate...
- Metemos e sacamos cousas das caixas.
- Empezamos a axudar ás profes a recoller os xoguetes.
- Ampliamos o noso vocabulario.
- Experimentaremos a tocar, chupar, saborear...**xeos de froitas**.
- Ollamos contos.
- Celebramos as **Festas de Cumpreanos**.
- Celebramos a **Semana do Libro**.( Abril): Cada neno e nena traerán da súa casa un libro de contos, e durante unha semana contarémolos na clase e o Día do Libro celebraremos no patio da escola un mercadillo no que compartiremos con todos os nenos e nenas da escola os nosos contos . Tamén lles contaremos un conto con monicreques e guiñol.
- **Mes da Arte**: O longo do mes de maio adicaremos a ser artistas, dentro das nosas posibilidades.

- Xornadas de **Portas Abertas**:(abril) solicitaremos a participación dos pais e nais nunha sesión dentro da aula, para que poidan observar, axudar e compartir cos seus fillos un día dentro da Escola.
- Investigamos como se pinta coas mans con pinturas de distintas cores.
- Xogamos con papeis de distintas cores e texturas.
- Garabateamos con distintas pinturas.
- Continuaremos coa caixa “**Os meus primeiros tesouros**”.
- Continuaremos experimentando co **Cesto dos Tesouros**.
- Teremos sesións de psicomotricidade con espumas, rampas...
- Realizamos unha **experiencia** con auga temperada, xeo...
- Realizamos manualidade de Fin de Curso.
- Celebraremos o **Cacho**.

## AULAS DE 1 - 2 ANOS

### INTRODUCCIÓN:

Empezamos este novo curso con moita incertidume, xa que levamos cinco meses e medio sen poder asistir á escola cos nenos/as, debido a que o 14 de marzo se decretou o estado de alarma sanitaria polo COVID 19, polo que todos tiñamos que permanecer confinados nas nosas casas, o que nos obrigou a pechala escola . Foi en xuño cando o presidente da Xunta de Galicia fixo público que as escolas infantís non volverían a abrir as súas portas para os nenos/as ata o mes de setembro. O inicio do novo curso, vai a supoñer asumir un protocolo de actuación fronte ó coronavirus que de seguro conlevará moitos cambios na organización e rutinas da escola.

O cumprimento deste protocolo levará consigo que as profes teremos que adicar moito tempo a extremar certas medidas de hixiene necesarias para que consigamos frear a este virus e intentar que non haxa rebrotes na escola e así poder seguir o curso con certa normalidade. Todo o tempo que teremos que adicar ó cumprimento destas medidas terémolo que restar á realización de actividades , polo que de seguro que este curso non nos será posible levar a cabo todas as actividades que temos previstas. Aínda así faremos esta programación completa e de ser necesario no momento suprimiremos todas aquelas que nos sexa imposible realizar.

Empezamos o curso 2020-2021 na unidade de 1 a 2 anos con todos os alumnos que xa estiveron matriculados nas nosas aulas o curso pasado, pero aínda sen estar completas , pois falta a matrícula de todos os alumnos novos, que por a situación vivida nestes últimos meses aínda non están matriculados no momento en que se realiza esta programación. Os nenos/as estarán distribuídos en tres clases:

Clase A : nela estarán os nenos máis pequerrechiños, os que cumpren o seu primeiro ano no primeiro trimestre do curso.

Clase B e C : xa estarán os que son máis grandíños , pois xa cumpren o seu segundo ano no segundo trimestre. Aínda que este curso tamén haxa

algún dos máis pequenos nestes grupos, pois foron dos que o curso pasado se incorporaron á escola no 2º trimestre.

Aínda que todos están cunhas idades comprendidas entre o 1 e 2 anos hai unha diferenza moi significativa entre os máis pequenos que aínda cumpren o seu primeiro ano no 1º trimestre e os que xa empezan a cumprir o seu segundo ano no 2º trimestre. Polo que haberá que ir adaptando obxectivos e actividades en función das posibilidades de cada un, pois a idade dos nen@s é fundamental á hora de plantexarnos facer unha serie de actividades con eles, xa que as súas características psicoevolutivas marcarán a liña de traballo ao longo de todo o curso e axudarannos a axustar a metodoloxía de forma axeitada, potenciando ó máximo ás capacidades do nen@ en cada momento.

Un aspecto tamén moi importante a destacar e que non debemos esquecer é a individualidade de cada nen@, pois cada un ten un ritmo de maduración distinto e aínda que certos cambios tenden a producirse a determinada idade, poden producirse variacións dentro do que se considera normalidade.

Ó longo deste curso traballaremos con nen@s nos que se van producir dous logros moi importantes:

- Aprenden a andar.
- Aprenden a usala linguaxe para comunicarse.

Aínda que en estas idades desenrolan gran cantidade de habilidades ao mesmo tempo, é normal ver avances nunhas e pequenas demoras noutras.

Durante este período de tempo temos que ter en conta unha serie de logros que van ir conquerindo:

#### ■ Aspectos motores:

- 1.-Van incorporando habilidades que lles permitirán a execución de movementos cada vez máis complexos.
- 2.-Conseguirán unha maior coordinación das partes do seu corpo.
- 3.-A autonomía experimenta un gran progreso, e sempre que llo permitamos queren comer solos, colaborar ao vestirse...
- 4.-Utilizan as mans con gran independencia: sostén varios xoguetes, pasan páxinas, garabatean...

#### ■ Aspectos cognitivos:

- 1.- A exploración a través do movemento é un dos seus maiores praceres.
- 2.- No primeiro semestre presentan unha conduta totalmente intencionada e no segundo xa comencan a desenrolar a función simbólica.
- 3.- Aumentará o seu tempo de atención e interesaranse por investigar de forma minuciosa.

#### ■ Aspectos da linguaxe:

- 1.-Apareceran as primeiras palabras recoñecibles, que se referirán a persoas ou obxectos.
- 2.- A comprensión progresa rapidamente e demostran que entenden moitas palabras.

3.-A imitación convertese no instrumento básico da súa aprendizaxe lingüística, aínda que repetiran as palabras á súa maneira.

■ **Aspectos afectivos-sociales:**

1.- O gran desenvolvemento das súas capacidades psicomotrices permitiránlle tomar parte máis activa no mundo social que os rodea.

2.-No seu afán pola búsqueda da identidade propia comenza a etapa da negación coa finalidade de diferenciarse dos demais, aparecendo as pataletas e as condutas rebeldes.

3.- Xogan sóz moito tempo, aínda que comencan a interrelacionarse cos demais. Resístense a compartir.

4.- Non lle gustan os cambios, e as rutinas diarias e o orden danlle seguridade e confianza.

Así pois, non deixaremos de vista estas liñas xerais de desenvolvemento no nen@ de 1 a 2 anos, xa que nos serán de gran axuda á hora de planificar a nosa programación.

## **PROGRAMACIÓN:**

En setembro ímonos a encontrar cos que xa estiveron con nós o curso pasado, ós que xa coñecemos , aínda que despois de tantos meses sen vernos, seguramente lles vai custar un pouquiño máis a volta as rutinas da escola e con nen@s novos, cos que este é o seu primeiro contacto coa escola e polo tanto debemos de aproveitar o período de adaptación para intentar facer unha pequena avaliación e así poder adaptar a nosa proposta de traballo ás circunstancias individuais.

Cada profe na súa clase organizará o traballo en función das características individuais dos seus nen@s, xa que en estas idades alcanzan habilidades moi rapidamente. Polo tanto a programación anual é unha maneira de organizarnos, aínda que a levaremos á práctica de maneira moi flexible , podendo facer os cambios que consideremos oportunos dentro de cada clase.

As características evolutivas desta etapa están en continuo desenvolvemento, os ritmos de maduración e aprendizaxe son moi distintos , como xa mencionamos anteriormente. A programación será común para as tres clases, pero sobre todo no 1º trimestre as profes da clase "A " terán que ir adaptándoa ós seus nenos/as, pois son moi pequerrechiños aínda .

Centraremos a nosa programación en acadar un obxectivo fundamental e prioritario a calquera outro:

### **SATISFACER AS NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTACIÓN , HIXIENE , DESCANSO , ACTIVIDADE E AFECTIVIDADE.**

Intentaremos conseguilo aproveitando todos aqueles momentos que forman parte da vida cotiá converténdoos en situacións educativas proveitosas, intentando adicarlle atención a nivel individual a cada nen@ e a través deles traballar de maneira global todo un mundo de sensacións.

Dende primeiro de curso a nosa proposta de traballo estará baseada nuns obxectivos e nuns contidos que guiarán o noso traballo diario:

## **OBXECTIVOS:**

### **IDENTIDADE E AUTONOMÍA PERSOAL:**

- Descubrir e empregar as propias posibilidades motrices, sensitivas e expresivas, axeitadas ás diversas actuacións que emprenden na súa vida cotiá.
- Adquirir a coordinación e o control dinámico xeral do propio corpo para a execución de tarefas da vida cotiá e de actividades de xogo, así como a expresión de sentimentos e emocións.
- Ter unha imaxe real e positiva de si mesm@, identificando as súas características e cualidades persoais.
- Identificar os propios sentimentos, emocións e necesidades, e comunicarllos ós demais, así como identificar e respectar os dos outros.
- Ter unha actitude de respecto cara as características e cualidades das outras persoas e comezar a valoralas, sen actitudes de discriminación en relación co sexo ou con calquera outro rasgo diferenciador.
- Estimular os sentidos corporais : ulir, ver, observar, escoitar, tocar....para descubrir sensacións e percepcións por medio da exploración dos obxectos.
- Controlar progresivamente xestos e movementos relativos á súa idade.
- Adquirir progresivamente autonomía nas actividades relacionadas coa vida cotiá e a satisfacción das necesidades básicas.
- Orientarse nos espazos cotiás.
- Superar temores ante o descoñecido.
- Participar activamente nas diferentes propostas de xogo.

### **COÑECEMENTO DO CONTORNO:**

- Participar nos diversos grupos cos que se relaciona no transcurso das distintas actividades, tomando en consideración ós demais.
- Coñecer as normas e modos de comportamento social dos grupos dos que forma parte para establecer vínculos fluídos e equilibrados de relación interpersonal e identificar a diversidade de relacións que mantén cos demais.
- Amosar interese e curiosidade cara a comprensión do medio físico e social, formulando preguntas, interpretacións, e opinións propias sobre algúns acontecementos que nel se producen, desenvolvendo a súa espontaneidade e orixinalidade.

- Coñecer e participar en festas, tradicións e costumes do seu entorno, disfrutando e valorándoas como manifestacións culturais.
- Iniciarse no coñecemento das normas e modos de comportamento social dos grupos dos que forma parte.
- Ser cada vez máis autónomo no ámbito escolar e familiar establecendo relacións de afecto e cariño cos compañeiros , profes e membros da familia.
- Identificar algunhas das funcións dos obxectos que utilizamos nas actividades cotiás, aprendendo a utilizalos adecuadamente.
- Ser capaz de orientarse nos espazos máis coñecidos : escola e casa.
- Observar e explorar o entorno natural descubriendo os cambios que se producen coa chegada das distintas estacións.
- Mostrar respecto e curiosidade polos animais e plantas do entorno e colaborar no seu coidado.
- Cumprir ordenes e instrucións sinxelas.
- Comenzar a compartir os xoguetes e os materiais.

#### LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

- Iniciarse no coñecemento das normas básicas como mirar a quen che fala, escoitar, gardar silencio, esperar a quenda....
- Adquirir pouco a pouco a linguaxe oral e a pronunciación correcta entendendo a mensaxe dos demais e sentindo o desexo de comunicarse con eles.
- Comprender progresivamente as palabras e os mensaxes emitidos polos compañeiros e adultos do entorno en situacións habituais.
- Aumentar a capacidade de atención.
- Participar nas actividades de xogo e dramatización.
- Iniciarse na exploración e utilización de materiais , instrumentos, técnicas e soportes da linguaxe escrita.
- Reproducir algunhas cancións moi sinxelas e imitar xestos e participar nas actividades musicais da clase.
- Iniciarse na discriminación de ruídos e sons da vida cotiá ( rúa, casa, natureza, animais, medios de transporte, fenómenos atmosféricos....)

#### **CONTIDOS:**

##### COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL:

##### Bloque 1: O corpo.

- Descubrimento e control global e segmentario do corpo.
- Identificación das partes máis segmentarias:mans, pes ,cabeza...

- Estimulación dos sentidos como fonte de sensacións: ulindo, probando, escoitando...
- Adquisición progresiva do control de movementos e do equilibrio estático e dinámico.
- Movementos e posturas do corpo: gatear, arratrase, agacharse, subir, baixar, camiñar...
- Exploración das posibilidades motrices.
- Progresivo control do ton, equilibrio e das emocións.

*Bloque 2 : A identidade, a autoestima e as emocións.*

- Identificación do propio nome co grupo familiar ó que pertence.
- Identificación dos propios xestos.
- Manifestación das emocións propias e identificación das dos demais: choro, risa, dor...
- Toma de conciencia progresiva do propio sexo.
- Control progresivo de sentimentos e emocións.
- Expresión de necesidades, emocións, intereses, preferencias...
- Actitude de espera e paciencia na procura de atención e resposta.
- Control de impulsos ante as frustracións.

*Bloque 3 : O coidado persoal.*

- Iniciativa na realización das tarefas relacionadas coas rutinas diarias.
- Adquisición progresiva de hábitos relacionados coa comida, hixiene, vestido, descanso, colaborando e gozando.
- Manifestación progresiva das necesidades básicas.
- Regulación progresiva dos ritmos do sono, vixilia, actividade e descanso, acción e relaxación.
- Recoñecemento das propias pertenzas e colaboración progresiva no vestido e aseo.
- Gusto polo aspecto persoal limpo e coidado.
- Petición de axuda en situacións que así o requiran.

COÑECEMENTO DO CONTORNO:

*Bloque 1 : o medio físico*

- Exploración dos obxectos e materiais a través dos sentidos, identificando algunhas das súas propiedades coa axuda do adulto.
- Observación e experimentación de diferentes accións sobre os obxectos ou materiais.
- Respetto e coidado polos espazos.
- Manipulación e xogo con materiais comúns: area, azucre, sal.
- Adaptación progresiva á vida da escola cos seus iguais e co adulto.
- Actitude favorable á hora de compartir obxectos, xoguetes, materiais...
- O colexio e as súas dependencias: clase, baño, comedor...
- Contribución a espazos limpos e ordenados.

### Bloque 2 : achegamento á natureza.

- Identificación de algúns animais, plantas e elementos naturais.
- Observación da natureza nos cambios de estación.
- Gozar coas actividades ó aire libre.
- Observación das plantas e animais do entorno.
- Interese e respecto polo coidado do entorno.
- Identificación dos fenómenos naturais: chove, fai frío, quenta o sol...
- Observación do ciclo vital das plantas.

### Bloque 3 : cultura e vida en sociedade.

- Recoñecemento de si mesmo e da súa familia.
- Aceptación das normas que rexen os grupos escolar e familiar.
- Coñecemento e participación en costumes, tradicións e festas propias da cultura galega.
- Interese polos acontecementos que suceden ó seu arredor.
- Adquisición progresiva de habilidades sociais: saudar, despedirse, dalas grazas...
- Gozar da celebración de acontecementos relevantes: Magosto, Nadal, Entroido.

## LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

### Bloque 1 : comunicación xestual e oral.



- Recoñecer e utilizar as posibilidades do corpo para comunicarse.
- Utilización progresiva do xesto e a lingua oral para comunicarse, expresar necesidades e desexos.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, dos obxectos cotiás e dos instrumentos musicais.
- Discriminación de sons.
- Adquisición progresiva da pronunciación .
- Iniciación na utilización adecuada dalgunha norma como saudar, despedirse...
- Comprensión de poemas, cancións, poesías...
- Utilización de xestos e movementos corporais imitando ó adulto.

### Bloque 2 : expresión plástica e musical

- Utilización dos materiais e técnicas de expresión plástica dentro das súas posibilidades.
- Actividades de coidado do material.
- Gozo coas producións plásticas.
- Identificación de ruído e silencio.
- Participación en danzas sinxelas.
- Interese por escoitar diferentes tipos de música.
- Desexo por explorar posibilidades sonoras do propio corpo, dos obxectos e instrumentos musicais.

### Bloque 3 : Representación escrita e dramática

- Interese e gozo pola manipulación de libros, fotos, murais...
- Control do corpo: actividade, movemento, relaxación...
- Interese polas producións propias: garabateo, estampado, rachado, enrugado....
- Posibilidades expresivas do corpo para expresar e comunicar sentimentos, emocións, necesidades...
- Utilización da danza como medio de expresión.

Durante todo este curso as actividades que levemos a cabo na aula estarán sendo compartidas coa nosa **mascota o canciño Pancho**, que é moi cariñoso e que nos acompañará todo o curso nas rutinas diarias e que se fará moi amigo de todos os nen@s .

Este curso imos estruturar a nosa proposta de traballo baseándonos en:

- ✓ **centros de interese:** que serán temas moi cercanos ós [nen@s](#) e que poderán observar no entorno, na casa, na rúa...como por exemplo festas populares como o entroido, o Nadal ou temas como as estacións, os animais...
- ✓ **experiencias:** durante os primeiros anos de vida dun nen@ a súa fonte principal de coñecemento son os sentidos , así que canto máis manipulen, ulan,toquen, saboreen máis información recibirán do entorno. Polo que a través da experimentación con diferentes materiais naturais, da vida cotiá, de alimentos...pretendemos que actúen sobre eles e descubran as súas características , estimulen os sentidos e adquiran habilidades e destrezas.
- ✓ **Contos:** utilizaremos os contos, contados de múltiples formas ( lidos directamente do libro, escenificados a través de marionetas nun guiñol ou teatrillo,representados polas profes nun teatro, pois son gran recurso pedagóxico que nos permitirán realizar un amplo abanico de actividades que van a contribuír o desenrolo integral do neno/a. E que teñen múltiples beneficios como: serven para compartir un momento divertido todos xuntos, son unha ferramenta importante para xestionar emocións, son un vehículo de valores, son unha boa forma de estimulala imaxinación, axudan ó desenrolo da atención e da memoria...

## RESUMO DAS ACTIVIDADES POR TRIMESTRE:

### PRIMEIRO TRIMESTRE:

#### SETEMBRO:

- Período de adaptación. Ver anexo
- Coñecemos a nosa mascota Pancho.

#### OUTUBRO :

Coñecemos a nosa mascota Pancho e ós amiguiños novos.

- ➔ Presentamos á nosa mascota : Pancho.
- ➔ Experiencia coas cabazas.
- ➔ A chegada do outono e os cambios que se reflicten no noso contorno.
- ➔ O Samaín.
- ➔ Conto “As tres folliñas “.

#### NOVEMBRO:

Pancho disfruta co outono.

- ➔ Seguimos traballando a estación do outono.

- Experimentamos coas follas e cos froitos do outono.
- Celebramos o magosto.
- Facemos unha manualidade do outono.
- Conto “ Caracol e caracola “

## **DECEMBRO:**

### Pancho festexa o Nadal e fai a carta ós reis.

- Festexamos a chegada do Nadal.
- Experiencia: elaboramos unha receita de turrón.
- Probamos os doces de Nadal.
- Celebramos o festival de Nadal.
- Visítanos o Apalpador.
- Conto de Nadal.

## **SEGUNDO TRIMESTRE:**

### **XANEIRO**

#### Pancho abrigase.

- Chegada do inverno : prendas de abrigo, saída co paraugas a fóra cando chova..
- Falamos sobre os xoguetes que nos trouxeron os reis. Facemos entre todos un con material de refugallo.
- Día da Paz.
- Conto : “ A tartaruga que quería durmir “

### **FEBREIRO:**

#### Pancho divírtese no entroido.

- Disfrazámonos e facemos o noso propio disfraz.
- Xogamos cos disfraces e mirámonos no espello.
- Celebrámolo entroido cunha festa de disfraces.
- Experiencia: realizamos unha receita con produtos típicos do entroido: rosquillas
- Taller de música.

### **MARZO:**

#### Pancho xoga cos seus amiguiños os animais.

- Coñecemos ós animais da granxa.
- Experiencia: traemos un caracol á clase.
- Contos de animais : “ Míau”, Animais “ “Ratiños de cores”...
- Observamos o proceso de xerminación dunha legume .
- A finais de mes facemos unha pequena plantación de amorodos.

### TERCEIRO TRIMESTRE :

#### ABRIL:

Pancho disfruta dos contos .

- Día do Libro.
- Cada neno/a fai o seu propio contiño.
- Traballamos varios contos contándoos de distintas formas: lidos, con guiñol, representados...
- Introducimos a primavera.

#### MAIO:

Pancho xoga a ser un artista.

- Celebramos o mes da arte.
- Experiencia: distintas técnicas plásticas.
- Celebramos o Día da Familia.
- Vídeo ás familias das profes celebrando o día da familia.
- Seguimos traballando sobre a primavera: saímos ó patio de fóra a ver as árbores florecidas e as florecillas que nacen na herba.

#### XUÑO:

Disfrutamos do bo tempo con Pancho.

- Xa é verán : chegan as vacacións.
- Xogamos coa auga.
- Experiencia : frío-quente.
- Coñecemos o noso corpo.
- Experiencia con batidos e granizados.
- Saída ó Pazo da Peregrina.

Despois de facer este esquema das actividades que realizaremos ó longo de todo o curso enumeraremos algunhas a modo de exemplo dividíndoas por trimestres:

## PRIMEIRO TRIMESTRE:

### SETEMBRO:

O mes de setembro adicáremolo por completo ó PERÍODO DE ADAPTACIÓN ( ver anexo ) . Ó longo deste mes os nen@s que veñen por primeira vez á escola irán incorporándose pouco a pouco as rutinas diarias e aproveitaremos para ir observando o seu comportamento e así facer unha avaliación inicial. Os que xa viñeron o curso pasado necesitarán tamén un período de adaptación, pois xa levan moitos meses sen asistir á escola , aínda que máis curto que os nenos/as novos. Presentarémolle á nosa mascota Pancho .

**OUTUBRO:** Coñecemos a nosa mascota Pancho e ós amiguíños novos.

Xa transcurriu o primeiro mes do curso e confiamos en que todos se foran adaptando, aínda que sabemos que o período de adaptación é un proceso no que cada un necesita un tempo determinado . Tendo isto en conta comenzamos este mes dedicándolle especial atención a todos aqueles que aínda non superaron de todo este período e aínda lles costa vir á escola, polo que as actividades serán máis flexibles adaptándonos as características individuais. Trataremos de establecer unhas rutinas que nos axuden a organizarnos e a tomar consciencia do espazo e do tempo. Será unha continuación do período de Adaptación no que pretendemos ir coñecendo os nomes dos amiguíños , das profes, da nosa mascota, as dependencias da escola, os seus distintos espazos, persoal, materiais...e tamén observar como a chegada do outono cambia as nosas paisaxes. Algunhas das actividades que realizaremos son as seguintes:

- Intentaremos ir establecendo unha serie de rutinas diarias que nos axudarán a ir tomando conciencia do tempo e do espazo. Dedicaremos tamén todo o tempo necesario para a satisfacción das necesidades básicas e para estar cos [nen@s](#) que aínda non superaron de todo o proceso de adaptación
- A medida que cada nen@ vai chegando á escola recibímolos, colocámoslle o abrigo na percha, poñémoslle o mandilón. E isto vaille ir axudando a recoñecer as súas cousas e a súa percha.
- Ás 9.30 sentámonos na asemblea e conversamos: dicimos o noso nome, o das profes, miramos quen falta por chegar, saúdamos a Pancho...
- Facemos participar das nosas conversas a Pancho, que é un canciño de peluche que nos vai acompañar en moitos momentos da xornada.
- Cantamos e escoitamos música.
- Escoitamos sons e imitámolos.
- Xogamos cos instrumentos musicais.
- Contamos contos e aprenden a velos soños.

- Vemos libros, murais, fotos...
- Xogamos coas pezas de construción.
- Pintamos coas nosas mans.
- Xogamos cos coches.
- Xogamos cos cacharros na cociña.
- Xogamos con pompas de xabón.
- Imos ó patio a xogar cas bicis, as motos , no tobogán...
- Imos aprendendo a ir facendo un tren para ir ó patio, ó comedor...
- Facemos a experiencia coas cabazas.
- Celebramos o Samaín.

**NOVEMBRO:** Pancho disfruta do outono.

Estamos en pleno outono e temos que descubrir certos elementos típicos desta época do ano. Seguiremos afianzando ás nosas rutinas habituais tratando de que cada día aumenten as habilidades, adquiran maior autonomía e páseno ben aprendendo.

Faremos as seguintes actividades:

- Ambientamos a clase para a chegada do outono .
- Conversamos sobre o outono e vemos murais, fotografías...típicos desta estación.
- Traemos á clase froitos típicos destas datas: castañas, cabazas, noces, uvas...e manipulámoslos, ulímolos, probámoslos...
- Collemos no patio moitas follas para xogar con elas e comprobando a que cheiran, como é a súa textura, o ruído que fan ó pisalas, tiralas polo aire...
- Participamos na festa do Magosto.
- Contamos o conto de “caracol e caracola “
- Faremos algunha manualidade relacionada co outono.
- Contamos contos e manipulámoslos para aprender a pasar follas. Insistiremos moito moito en que deben de coidalos , non rompelos,, non tiralos, nin metelos na boca.
- Pintamos con témpera en papel continuo.
- Garabateamos con ceras nun folio.
- Vemos na tele algún DVD relacionado co tema do outono
- Facemos psicomotricidade : pasamos polo túnel, polos arcos,xogamos cos aros...
- Saímos ó patio de fóra cando o tempo nolo permita.

**DECEMBRO:** Pancho festexa o Nadal e fai a carta ós reis.

Preparamos e ambientamos a clase para ir recibindo as festas do Nadal con unha decoración axeitada a estas festas. Algunha das actividades que levaremos a cabo durante este mes serán:

- Celebramos a chegada das festas do Nadal ambientando a clase.
- Falamos sobre a chegada de Papá Noel e dos Reis Magos.
- Vestímonos co gorro de Papá Noel e poñemos unha árbore de Nadal.
- Saímos á entrada da escola todos xuntos para ver o bonita que está coa decoración do Nadal coa árbore, o Belén...
- Probamos doces típicos destas datas: turrón duro e brando, mazapáns, polvoróns, uvas, figos...
- escoitamos panxoliñas e acompañámolas coas pandeiretas.
- Facemos unha manualidade para celebralo Nadal.
- Asistimos ó festival de Nadal
- Experiencia: facemos turrón caseiro de chocolate e arroz inflado.
- Preparamos a carta para os reis.
- Recibimos a visita do apalpador.
- Insistimos no hábito de recoller os xoguetes despois de rematar de xogar e no valor de compartir e coidalos.
- Manipulamos catálogos de xoguetes.

## SEGUNDO TRIMESTRE:

**XANEIRO:** Pancho abrígase.

Este é un mes de moita ilusión , pois chegan os Reis Magos cargados de xoguetes e están todos os [nen@s](#) cheos de ilusión . Ademais recibimos a chegada da estación do inverno. Ó longo deste mes levaremos a cabo actividades como:

- Falamos sobre o inverno e mostramos ós [nen@s](#) fotos, murais, libros onde se aprecie o contorno con características propias desta estación.
- Vestímonos con roupas que nos abriguen: gorros, bufandas, luvas...e conversamos sobre o ben que estamos cando temos frío e nos tapamos con elas.
- Saímos a fora con paraugas cando chova.
- Conversamos sobre os cambios que conleva a chegada desta estación.

- Imos ó vídeo e vemos algunha película que transcorra na estación do inverno e observamos toda a paisaxe.
- Celebramos o Día da Paz e facemos algún traballíño relacionado co tema para expoñer na entrada da escola
- Facemos ximnasia levantando os brazos arriba, agachándonos no chan, abrindo as pernas, pechándoas, damos saltiños pequenos.
- Falamos da chegada dos Reis.
- E imos contando que agasallos nos trouxeron.
- Xogamos con xoguetes na clase.
- Facemos un xoguete para xogar todos na clase con material de refugallo.

### **FEBREIRO:** Pancho divírtese no entroido.

Coa chegada do mes de febreiro celebramos a festa do entroido as actividades que realizaremos serán:

- Preparamos a clase cun ambiente de festa para recibilo entroido: serpentinas, caretas, globos...
- Disfrazámonos coas roupas que temos na clase.
- Deixamos que as profes nos vistan con disfraces.
- Mirámonos no espello o guapos que estamos.
- Pintamos e decoramos antifaces e caretas.
- Facemos o noso propio disfraz.
- Probamos doces típicos destas datas: orellas, filloas...
- Facemos unha receita na clase típica destas datas: rosquillas
- Seguimos coa sesión de psicomotricidade.
- Imos á vídeo a ver debuxos animados.
- Facemos un taller de música.
- Xogamos cos instrumentos que temos na clase.
- escoitamos o son que emite cada un dos distintos instrumentos.
- escoitamos distintos tipos de música.
- Xogamos coa pasta de modelar ( facemos masa de sal )aprendendo a amasar , a rebeliscar...e a non metela na boca.
- Seguimos xogando cos xoguetes que temos na clase: coches, bonecas, pezas de construción, encaixables...
- Pintamos con témpera, con ceras...
- Imos ó patio a xogar nos coches e nas motos. Aprendemos a compartir estes xoguetes e esperamos a que quen este usando o coche ou a moto nola deixe.



**MARZO:** Pancho xoga cos seus amiguiños os animais.

O mes de marzo imos adicalo a coñecer os animalíños da granxa, que é un tema que esperta moita curiosidade nos [nen@s](mailto:nen@s). Realizaremos as seguintes actividades:

- Falamos dos animais máis coñecidos da granxa e das suas características.
- Movémonos pola clase como animais e imitamos a súa onomatopeia.
- Recoñecemos distintos animais en fotos, láminas, libros...
- Facemos murais de algún animal utilizando as distintas técnicas.
- Cantamos cancións de animais.
- Imos ó vídeo e vemos películas onde saian animais.
- Distinguimos entre animais salvaxes e domésticos.
- Comparamos o noso corpo cos dos animais.
- Xogamos cos animalíños que temos na clase.
- Facemos sesións de psicomotricidade imitando ós animais máis comúns.
- escoitamos os sons que emiten os animais e tamén cancións .
- Traemos un caracol á clase e metémolo nunha caixa con follas de verdura e observámolo.
- Metemos nun bote transparente a semente dunha legume envolta en algodóns mollados en auga e imos vendo como xermina e vai medrando.

## **TERCEIRO TRIMESTRE**

**ABRIL:** Pancho coñece ás nosas familias.

Este mes celebramos o Día do Libro e imos adicar o mes a traballar distintos contos e a facer ,distintas actividades que xiren á redor dos contos

- Celebramos o o Día do Libro.
- Traballamos distintos contos ó longo do mes.
- Contarémolos de distintas maneiras : no guiñol, lidos, representados...
- Aproveitamos os contos para estimular a participación na clase.
- Faremos un pequeno contíño con cada neno/a no que cada un sexa o protagonista, elaborando cada páxina del.
- Ollamos os contos que hai na clase, fomentando o coidado deles.
- Aprendemos a pasar folliñas soíños .

- Fomentamos o compartir a través dos contos.
- Traballamos a expresión oral a través dos contos.
- Intentamos ir mellorando a atención cada vez durante máis tempo .
- Introducimos o tema da primavera conversando sobre os cambios que se van producindo no noso entorno.
- Saímos ó patio de fóra a ver as flores silvestres que nacen na herba.
- Observamos o cambio no tempo coa chegada da primavera.

**MAIO:** Pancho xoga a ser un artista.

Ó longo deste mes imos a centrarnos un pouco máis detidamente na tarefa de facer as nosas propias obras de arte. Ó longo de todo o curso xa fomos experimentando con pinturas e con materiais para ir descubrindo cualidades: color, textura,tamaños..e ir adquirindo destrezas. E agora imos poñelo en práctica traballando máis centrados no tema da arte. E tamén seguiremos coa primavera.

- Ambientamos a clase con unha decoración acorde á estación.
- Conversamos sobre a primavera e os cambios na paisaxe que a súa chegada conleva.
- Traemos á clase distintos tipos de flores para que poidan manipulalas, ulilas,ver de que color son,sacarlle os pétalos...
- Vemos fotos, murais, libros onde as paisaxes reflicten a chegada da primavera.
- Conversamos tamén dos animalíños que vemos nesta estación como poden ser as bolboretas, os paxariños,as abellas...
- Pintamos con moitos cores nun papel grande para simbolizar o estoupido de color que supón a chegada desta estación.
- escoitamos cancións alegres e movidas e bailamos ó seu ritmo.
- Imos ó vídeo e vemos algunha película que está ambientada nesta estación.
- Empezamos a saír ó patio de fóra sempre que o tempo nolo permita e xogamos ó aire libre coa area, as carretillas, no tobogán...
- Dedicamos todo o mes a arte.
- Ó longo de todo o mes traballamos con distintas técnicas plásticas .
- Experimentamos coa pintura.
- Faremos unha programación específica deste mes no seu momento onde imos a recoller as actividades específicas que levaremos a cabo.
- Celebramos o día da familia.

**XUÑO:** Disfrutamos do bo tempo con Pancho

Xa chegado o mes de xuño temos as vacacións do verán moi pretoño e ó longo deste mes imos falar sobre este tema e a facer actividades de lecer relacionadas co bo tempo.

- Conversamos sobre o noso corpo e as distintas partes de que está composto.
- Mostramos murais onde está a nena e o neno e conversamos sobre as partes do corpo.
- Poñemos un papel grande no chan e debuxamos a silueta dun neno e dunha nena e debuxámoslle a roupa axeitada á época do ano na que estamos.
- Cantamos e escoitamos cancións relacionadas coas partes do corpo.
- Dedicamos varios días a ir falando sobre as distintas partes do noso corpo: cabeza, tronco e extremidades e nomeamos as partes que ten cada un.
- Dramatizamos cancións relacionadas coas partes do corpo.
- Intentamos que eles se axuden á hora de vestirse e desvestirse.
- Falamos sobre a época do ano na que nos atopamos e o que imos facer nas vacacións.
  
- Relacionamos o tempo que fai coa roupa que nos poñemos, coa comida que comemos, coas actividades que facemos ó aire libre...
- Saímos ó patio de fóra e xogamos na mesa de auga tocámola, salpicámonos, poñemos a flotar obxectos, xogamos con coadores, botámoslle xabón para que faga escuma...
- Saímos sempre que poidamos ó patio de fóra aproveitando o bo tempo, sempre coa gorra posta.
- Despois de vir do patio de fóra acostumamos a lavalas mans e intentaremos en que o fagan eles sós e tamén se sequen.
- Facemos batidos e granizados para refrescarnos.
- Facemos unha saída ó parque da Pazo da Peregrina e xogamos ó aire libre. Imos en autobús por primeira vez o que significa para os nen@s unha auténtica aventura.

Xunto con todas estas actividades que enumeramos a modo de exemplo tamén realizaremos outras ó longo de todo o curso como serán:

- ✓ Teremos un día á semana de **vídeo** no que trataremos de ver debuxos ou películas relacionadas co tema que estamos a traballar nas clases.
- ✓ Faremos **psicomotricidade** no patio para ir progresando no control do noso corpo.
- ✓ Celebraremos os **aniversarios** soprando as candeas nunha tarta e sacaremos fotos que logo levaremos para a casa de recordo.

- ✓ Faremos **xogo heurístico** na clase investigando coas posibilidades que nos ofrecen os distintos obxectos da vida cotiá.
- ✓ Participaremos en actividades que se realizarán en toda escola como: o **Magosto, Festival de Nadal, Entroido, a Arte...**

Todas estas actividades son ideas que iremos realizando en función de como vaia transcorrendo o curso e tendo en conta as características dos nosos [nen@s](#). Polo tanto esta programación é moi flexible, podéndoa modificar se fose preciso. Daremos sempre prioridade a ter as necesidades básicas cubertas e logo trataremos de estimular todas as capacidades experimentando e aprender xogando.

## AULAS DE 2 - 3 - ANOS

### INTRODUCCIÓN

Un novo curso empeza e imos preparar o noso traballo na clase de 2-3 anos. A maioría dos nosos cativos xa levan con nós 2 cursos. Este ano temos que ter en conta que debido ó Covid-19 levamos sen estar xuntos desde o mes de marzo e polo tanto a incorporación á escola pode resultar para algún algo incómoda. Por outra banda incorpóranse ...que veñen por primeira vez ó noso centro. Ó longo do período de adaptación observáremolos a todos pero en especial ós que se incorporan por primeira vez, para coñecer as súas características e o momento evolutivo no que se encontran.

A diferenza de idade entre os nosos pequenos é considerable pero todos eles veñen a escola a que lles axudemos a medrar dentro das súas posibilidades e características. Trataremos de ter presente en todo momento esta circunstancia e traballar cun obxectivo básico: **Contribuír a que a estancia na escola lles axude a ser nen@s felices e a sentar as bases para un bo desenvolvemento de todas as capacidades.**

Para potenciar ó máximo as capacidades dos nen@s é preciso coñecer as características evolutivas deste período de idade, adecuar as actividades ás necesidades concretas e propoñer día a día un conxunto de ocasións para disfrutar da interrelación afectiva cos pequenos.

#### **CARACTERÍSTICAS AFECTIVO-SOCIAIS**

Ata agora o nen@ era un ser bastante dócil e manexable. A partir deste momento empeza a ter conciencia de ser independente e pasa a ter reaccións teimudas, di non a todo para probar a súa forza fronte ós demais. A pesar desto mostra a miúdo condutas mimosas e busca a proximidade e cariño do adulto e a súa aprobación. Fomentaremos a autonomía aproveitando que quere facer cousas por si só. Procuraremos **Ensinarlle a facelo sen axuda** Precisa o contacto con outros nen@s para relacionarse e aprender a xogar e compartir. Isto custaralle, debido o seu forte sentido de posesión das cousas, xa que é moi egocéntrico. Aprende a desenvolver a sociabilidade a partir da observación e imitación.

#### **CARACTERÍSTICAS DA LINGUAXE**

A comunicación é escasa, por medio do corpo, con xestos e palabras soltas. A medida que transcorre o segundo ano hai unha **explosión da linguaxe**. Varía

moito duns ós outros. Algúns din palabras soltas e outros fan frases completas. Gústalle moito as historias sinxelas e que llas contes varias veces. Sobre todo sempre o mesmo conto. Falarémoslle con frases breves e sinxelas e **estimularémolos** cos libros, contos, imaxes, personaxes e situacións que impliquen **enriquecer o vocabulario e a pronunciación**.

### **CARACTERÍSTICAS PSICOLÓXICAS**

No período de 2-3 anos o nen@ aumentará a súa atención, memoria e percepción. Constrúe o seu pensamento por medio da **acción e a manipulación dos obxectos** descubriendo as súas características. Fan clasificacións sinxelas, agrupan e sobre todo **afianzan a permanencia**. Practican o **xogo simbólico e encántanlle as experiencias**. Imita todo o que ve, xestos ou accións e confunde a ficción coa realidade.

### **CARACTERÍSTICAS MOTRICES**

Deixa de ser bebé para converterse nun nen@ maior. A coordinación dos movementos é máis evidente. É un **derroche de actividade**. Cando camiña cambia de dirección, pasa da posición de xeonllos a estar de pé sen apoiarse,ponse de puntas para alcanzar algo. Domina bastante ben o seu corpo. Sobe a todo canto está ó seu alcance. Pasa de camiñar rápido a correr, a lanzar e atrapar, pedalea, ... Empeza a **descubrir a noción de espazo**. Manipula con certa coordinación. Desenvolve rapidamente a **coordinación visomotriz (ollo, man, pé)**. Son moi interesantes as actividades de **experimentación e manipulación** para ampliar as destrezas. Por medio das experiencias vai construíndo o dominio do esquema corporal. A actividade constante facilítalle formar unha **imaxe axustada do seu corpo**. Pouco a pouco descobre os elementos e segmentos corporais, experimenta posibilidades e limitacións e **pon o seu corpo en relación co espazo e co tempo**.

Despois de describir de maneira breve as características máis importantes deste período imos formular obxectivos, contidos e actividades para este curso.

## **COÑECEMENTO DE SI MESMOS E AUTONOMÍA PERSOAL OBXECTIVOS**

- Fomentar o recoñecemento de si mesmo, as propias características, necesidades e intereses.
- Identificar necesidades, sentimentos, emocións propias e alleas.
- Favorecer a autoestima e a confianza en si mesmo.
- Controlar as emocións, os impulsos, adaptándoas a cada situación.
- Desenvolver a iniciativa e a capacidade para elixir e decidir.
- Identificar as necesidades básicas e desenvolver estratexias para satisfacelas de maneira cada vez máis autónoma.
- Coñecer o seu propio corpo, as partes máis importantes, as posibilidades de acción e expresión.
- Controlar de maneira progresiva xestos e movementos.
- Adquirir destrezas de motricidade fina e grosa cada día con máis precisión.
- Adquirir certo dominio na pinza dixital.
- Solicitar e aceptar axuda cando as situacións o requiran.

- Recoñecer e estimular os sentidos : ulir, escoitar, probar, observar, manipulando os obxectos e descubriendo sensacións e emocións.
- Progresar na adquisición de hábitos de coidado persoal, alimentación e hixiene.
- Ser capaz de recoñecer a situación do corpo no espazo: de pé, sentado, deitado, de xeonllos, aniñado, arriba , abaixo, dentro, fóra, subir, baixar, enriba, debaixo, diante, atrás ...

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. O corpo**

- Identificación das partes principais do corpo e a súa función: orellas, nariz, boca, mans, dedos, pés ...
- Estimulación dos diferentes sentidos.
- Movementos e posturas en relación co espazo e o tempo.
- Control segmentario e global na realización das actividades.
- Experimentación e recoñecemento das posibilidades motrices.
- Pinza dixital

### **Bloque 2. A identidade, a autoestima e as emocións.**

- Identificación e expresión de sentimentos e emocións básicas e alleas: estou alegre, triste, sorprendido, inquieto, enfermo, canso, aburrido, emocionado ...
- Manifestación de afecto cara as persoas próximas.
- Actitude de paciencia e espera para ser atendido.
- Control das emocións ante momentos de disputas.
- Confianza nas propias posibilidades para resolver tarefas.
- Recoñecemento das limitacións e solicitude de axuda para afrontalas.

### **Bloque 3. O coidado persoal**

- Progresar na autonomía para espirse e vestirse.
- Aprendizaxe das rutinas relacionadas cas actividades diarias.
- Gusto por estar limpo e aseado.
- Adquisición de normas básicas en relación ca alimentación, hixiene, descanso, saúde.
- Recoñecemento das necesidades de ir ó baño.
- Predisposición para lavar as mans antes de ir a comer e os dentes despois.
- Colaboración na práctica de hábitos saudables: poñer a gorra antes de saír ó sol, pedir auga , pedir para ir ó baño, ...
- Recoñecemento dos riscos e perigos nas actividades habituais.

## **COÑECEMENTO DO CONTORNO**

### **OBXECTIVOS**

- Identificar características propias das estacións.

- Observar os cambios que sofre o entorno e relacionar o clima cas prendas de vestir axeitadas.
- Localizar e orientarse nos diferentes espazos escolares.
- Respectar e coidar os obxectos propios e alleos.
- Observar e interpretar os fenómenos atmosféricos.
- Recoñecer animais do noso entorno e tamén os máis comúns que viven noutros lugares.
- Identificar as dependencias da casa e da escola, os seus usos, utensilios e actividades que realizamos nelas.
- Recoñecer elementos da rúa como medio físico no que desenvolvemos parte da nosa vida e tamén actividades que realizamos nela.
- Observar, manipular e explorar diferentes elementos do medio físico para poder coñecelos.
- Recoñecer algunhas das características dos obxectos e materiais: forma, cor, sabor, tamaño, textura : (longo, curto, grande, mediano, pequeno, doce, amargo, duro, brando, suave, áspero, frío, quente, pegañento, brillante) ...
- Ser capaz de investigar con diferentes elementos da natureza cando facemos as experiencias.
- Recoñecer, investigar e valorar a auga como elemento da natureza.
- Observar como cambian os alimentos cando actuamos sobre eles: disolución, flotación, ...
- Favorecer as relacións entre iguais e tamén cos adultos.
- Participar nas conversas agardando a quenda.
- Gozar das actividades en grupo.
- Ser capaz de distinguir conceptos espaciais básicos en relación co corpo: arriba, abaixo, dentro, fóra, enriba, debaixo, diante, detrás, cheo, baleiro ...
- Recoñecer os diferentes membros da familia: papá, mamá, irmás, av@s, ...

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. O medio físico**

- Recoñecemento de espazos, elementos e materiais da clase, do patio, do comedor, identificación das funcións e normas de funcionamento.
- Recoñecemento da chegada do Outono, Nadal, Entroido e identificación dalgunha das súas características.
- Recoñecemento das dependencias da casa, útiles e actividades que realizamos nelas.
- Recoñecemento dalgunhas nocións básicas espaciais: dentro, fóra, arriba, abaixo, subir, baixar, aberto, pechado, cheo, baleiro, ...
- Recoñecemento de semellanzas e diferencias dos obxectos e elementos.
- Atributos sensoriais dos obxectos e materiais: forma, cor, tamaño, sabor, son ...
- Recoñecemento dos elementos principais da rúa: tendas, medios de transporte, parque, semáforos, ...

- Cambios físicos que se producen nalgúns elementos cando actuamos sobre eles: o azucre disólvese na auga, o sal tamén, os garavanzos non.

### **Bloque 2. Achegamento a natureza.**

- Observación e recoñecemento dos seres vivos (animais e plantas) e algunhas das súas características.
- Identificación de fenómenos atmosféricos e características das diferentes estacións: chuvia, vento, sol, neve, fai frío, caen as follas, saen as flores, cantan os paxariños.
- Identificación de paisaxes coma o río, mar, praia.
- Discriminación entre a noite e o día e actividades que realizamos nese momento.
- Identificación das froitas propias dalgunha estación: castañas, noces, laranxas, melocotóns, amorodos ...
- Ser capaz de recoñecer o nome dalgunhas flores: margaritas, rosas, caraveis, papoulas, xirasol, ...
- Valoración da importancia da auga como elemento básico da natureza.
- Experimentación con obxectos na auga e observación de cales flotan e cales non.
- Interese por respectar e coidar os elementos da natureza.
- Gusto por participar nas actividades do noso horto.

### **Bloque 3. Cultura e vida en sociedade**

- Favorecer as relacións cos iguais e co adulto.
- Aumentar o sentimento de pertenza e participación no grupo de iguais.
- Gozar das actividades de grupo.
- A propia familia: membros que a compoñen.
- A escola: dependencias, compañeiros, profes, ...
- Gozo das actividades ó aire libre.
- Participación nas festas e tradicións propias do noso contorno: magosto, Nadal, Entroido ...
- Aceptación das normas básicas de comportamento.
- 

### **LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN**

#### **OBXECTIVOS**

- Progresa na aprendizaxe da lingua falada, na pronunciación, entoación e aumento de vocabulario.
- Utilizar a linguaxe oral para expresar necesidades, desexos, preferencias, sentimentos
- Ser capaz de distinguir as cores vermello, amarelo, azul e verde.
- Discriminar as formas planas: círculo, cadrado, triángulo.
- Distinguir entre un, poucos e moitos.
- Ser capaz de escoitar e comprender as mensaxes dos adultos.
- Comprender e interpretar imaxes gráficas.
- Participar na realización de actividades artísticas mediante as diferentes técnicas e materiais.
- Interesarse e apreciar as producións plásticas propias e dos compañeiros.



- Participar activamente e gozar da interpretación de cancións, bailes, xogos etc.
- Sentir a música como medio de expresión de sentimentos e emocións.
- Descubrir e gozar das posibilidades sonoras dos instrumentos musicais e do noso corpo.
- Desenvolver destrezas e habilidades da motricidade fina.
- Iniciarse no control do trazo: vertical, horizontal.
- Ser capaz de manipular os útiles e materiais, no uso das diferentes técnicas plásticas: modelado, pegado, esborrachado, garabatos, estampado, ensartado, rachado, picado, amasado, ...
- Descubrir e recoñecer a mancha, a cor, a textura na realización das actividades.
- Ser capaz de prestar atención ós relatos, contos, adiviñas, retahilas ...

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. Comunicación xestual e oral.**

- Utilización da linguaxe oral para expresar sentimentos, emocións, necesidades.
- Recoñecer posibilidades do corpo para comunicarse.
- Iniciativa para participar en situacións de comunicación, amosando a intención de intervir e escoitar respectando a quenda.
- Aumento progresivo no vocabulario, na pronunciación e na entoación.
- Utilización adecuada dalgunhas normas socialmente establecidas como pedir por favor, agradecer, saudar, despedirse.

### **Bloque 2. Expresión plástica e musical**

- Gusto e curiosidade polo manexo dos útiles e materiais da expresión plástica.
- Inicio, desenvolvemento na utilización das diferentes técnicas plásticas: moldeado, estampado, pegado, engurrado, picado ...
- Exploración das características dos diferentes materiais e obxectos: diferentes tipos de papel, area, follas secas, teas, purpurina, sal, azucre, plastilina, algodón, ceras, diferentes pinturas, confetis , plumas, ...
- Inicio no uso de instrumentos de debuxo: ceras, xiz, témperas, rolos, pinceis, dedos, tampóns ...
- Interese por experimentar cas cores primarias: vermello, amarelo, azul e verde.
- Gozar da escoita e reprodución de cancións, panxoliñas, rimas ...
- Descubrimento das posibilidades sonoras do corpo e de instrumentos musicais.

### **Bloque 3. Representación escrita e dramática.**

- Aumento progresivo no control do trazado mediante a técnica de colorear nun espazo determinado.

- Adquisición da dirección do trazo: garabato controlado, trazo vertical e horizontal, liñas ...
- Interese polo descubrimento e interpretación de imaxes, fotos, murais, revistas ...
- Interese por manipular libros, revistas, fotos, pasando as follas de unha en unha, coidándoos .
- Identificación de formas planas: círculo, cadrado, triángulo.
- Cuantificación numérica: un, poucos, moitos, nada.
- Gusto polas dramatizacións e desenvolvemento da psicomotricidade fina e grosa.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Utilizar a linguaxe oral e corporal para comunicarse cos demais.
- Pedir axuda cando o precise.
- Expresar emocións e sentimentos.
- Prestar atención a persoa que lle fala.
- Comprender contos, e interpretar elementos da linguaxe escrita.

### **COMPETENCIA MATEMÁTICA**

- Utilizar os sentidos para descubrir as propiedades dos obxectos.
- Diferenciar características básicas dos obxectos por medio da manipulación.
- Situarse no espazo.
- Verbalizar algunhas nocións espaciais básicas.

### **COMPETENCIA EN COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO**

- Observar e percibir as características do entorno inmediato.
- Recoñecer os animais mais comúns e algunhas das súas características.
- Empezar a actuar con respecto cara ás plantas, e os animais.
- Orientarse en espazos cotiáns.
- Participar con gusto en actividades relacionadas ca natureza.

### **COMPETENCIA SOCIAL**

- Participar en actividades de grupo.
- Empezar a utilizar as formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais.
- Participar en festas , tradicións e costumes da localidade.
- Respetar pequenas normas e axudar nas tarefas cotiáns.
- Desenvolver actitudes de axuda e colaboración.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA.**

- Utilizar algunhas técnicas plásticas.
- Participar en xogos, bailes, dramatizacións.
- Explorar as posibilidades sonoras do corpo e dos instrumentos musicais.
- Discriminar sons.

### **COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

- Utilizar a observación, manipulación e experimentación para coñecer o mundo.
- Utilizar as posibilidades motrices para resolver sinxelos problemas.
- Saber utilizar a linguaxe para poder interactuar co medio e cos demais.
- Relacionar o aprendido co que sabe e aplícalo a vida cotián.

### **COMPETENCIA EMOCIONAL**

- Empezar a confiar nas posibilidades.
- Empezar a controlar as emocións.
- Identificar as posibilidades e as limitacións.
- Coñecerse e valorarse positivamente.
- Manifestar afecto polos demais.
- Esforzarse cando as cousas non saen ben.
- 

### **COMPETENCIA EN AUTONOMIA E INICIATIVA PERSOAL**

- Controlar movementos para camiñar, saltar, correr, subir, baixar, coller obxectos...
- Desprazarse polo espazo cotián con autonomía.
- Utilizar adecuadamente os obxectos relacionados ca alimentación e hixiene.
- Empezar a coidar os materiais e os espazos da aula.
- Utilizar as posibilidades motrices, sensitivas, expresivas e cognitivas.
- Expresar as necesidades básicas de afecto, saúde, xogo, movemento, seguridade e relación.
- Intentar facer por si mesmo hábitos diarios: lavar as mans, comer, limpar os mocos, calzarse, espirse, ...

**Antes de describir as actividades que temos previsto realizar ó longo de todo o curso debemos facer mención da circunstancia atípica que nos afecta a todos. Xa tivemos que no último trimestre do curso pasado suspender a nosa actividade debido o Covid-19 e no momento de realizar esta programación estamos condicionados por un protocolo de actuación.**

**Debido as estritas medidas de hixiene e de saúde que debemos levar a cabo e o sensible que son os nosos nen@s a de tan curta idade, xa que todo o tocan, chupan e comparten, tivemos que evitar algunhas actividades que tiñamos previsto propoñer para este curso.**

**Esta proposta levarase a práctica si as circunstancias o permiten e seremos todo o flexibles que sexa preciso a hora da actividade diaria modificando en cada momento o que consideremos necesario e aconsellable.**

## ESQUEMA DE ACTIVIDADES

### **SETEMBRO: PERIODO DE ADAPTACIÓN**

**PROXECTO: “ O MONSTRUO DAS CORES”** A súa duración será todo o curso.

#### **PRIMEIRO TRIMESTRE**

**PROXECTO: ” POLO PEPE”** A súa duración será todo o trimestre.

### **OUTUBRO**

#### “OS NEN@S DA MIÑA ESCOLA”

Tina, a nosa mascota.  
Manipulamos cabazas.  
Horto: Plantamos bulbos.  
Samaín.  
Cor amarela  
Experimento: Arroz arco iris

### **NOVEMBRO**

#### “UN OUTONO CHEO DE CORES”

Froitos de outono  
Pisamos e pisamos e follas esmagamos.  
Redondo.  
Pitiños de fariña  
Magosto.  
Excursión.????

### **DECEMBRO**

#### “A ÁRBORE DE NADAL”

Festival ???  
Árbore de Nadal.  
Rolo, rolo. ... desenrolo. Experimentamos con papel hixiénico.  
Froitas de inverno: laranxas, limóns, mandarinas, kiwis.

#### **SEGUNDO TRIMESTRE**

**PROXECTO: “A QUE SABE A LÚA”** A súa duración será todo o trimestre.

### **XANEIRO**

#### “CHOVE, CHOVE NA CASA DO POBRE”

Xogamos ca chuvia e o vento no patio de fóra.  
Experimentamos pintando no xeo.  
Cor vermella  
Boneco Cespín  
Día da Paz

### **FEBREIRO**

#### “CHEGOU O ENTROIDO E VOUME DISFRAZAR”

Facemos disfrace.  
Cadrado.  
Horto.  
Entroido  
Escultura con macarróns.

### **MARZO**

#### “CANTAMOS E BAILAMOS, QUE BEN O PASAMOS”

Son/silencio. Xogo do silencio.  
Facemos música cos vasos.  
Os animais tamén bailan  
Estampamos con rolos de papel.

### **TERCEIRO TRIMESTRE**

**PROXECTO: A AUGA. A súa duración será todo o trimestre.**

#### **ABRIL**

##### **“QUEN VIVE NA MIÑA CASA”**

Poñemos a mesa.  
Cor azul  
Xa podo só  
Día do libro

#### **MAIO**

##### **“OS NEN@S SOMOS ARTISTAS”**

Quincena da arte.  
Triángulo  
Primavera  
Día da Familia.???

#### **XUÑO**

##### **“SOMOS MAIORES”**

Mesturas de cores. Consequimos Verde e laranxa.  
Froitas de verán.  
Facemos xeados.  
Seguridade Vial.

### **SETEMBRO**

**Período de Adaptación. Anexo**

### **PRIMEIRO TRIMESTRE**

#### **OUTUBRO**

Neste primeiro trimestre do curso pretendemos traballar no proxecto **“O POLO PEPE”**. Na Programación do Primeiro Trimestre faremos referencia o seu desenvolvemento .

A partir deste mes e durante todo o curso traballaremos as Emocións por medio do Proxecto **“O MONSTRUO DAS CORES”**

Cando preparamos esta proposta de traballo pensamos dedicar o mes de setembro o Período de Adaptación pero continuaremos neste mes de outubro prestando especial atención a aqueles nen@s que por o motivo que sexa aínda non se senten a gusto na escola.

Escollemos para este mes o tema **“OS NEN@S DA MIÑA ESCOLA”**. Despois de levar un mes xuntos, xa nos imos coñecendo, supoñemos que a maioría está plenamente adaptado e imos tratar de introducir unha serie de rutinas, afianzar a confianza, interactuar cos compañeiros , traballar unha serie de hábitos necesarios para desenvolver a autonomía e poder organizarnos.

Para poder conseguir isto propoñemos unha serie de actividades:

**Rutinas.** No taboleiro da clase teremos anotado o resumo das rutinas a seguir desde a entrada na escola ó remate da xornada. Neste momento non deixo constancia pois debido o Covid 19 non sabemos como pode ser a incorporación o novo curso dentro da escola.

**Asemblea.** Todos os días sentaremos, faremos o saúdo e conversaremos sobre quen ven a escola e quen non está, que día é, o tempo que fai e o plan de traballo para o día en función do tema que esteamos a tratar. Acompañaranos Tina a nosa mascota.

Dentro dos **hábitos** a traballar escollemos o” **O LAVADO DAS MANS**”. Parecemos moi importante sempre pero máis nas circunstancias do momento. Tamén recoñecer a percha de cada un, onde gardamos as nosas pertenzas...

Todos os días conversaremos sobre “**QUE COMEMOS HOXE**”.

**Xogaremos** cos xoguetes e materiais que temos na clase.

Traballaremos ca **cor amarela** utilizando as diferentes técnicas.

**Experiencia: Arroz Arco Iris.**

**Manipulamos cabazas.**

Celebramos o **Samáin**.

Traballamos os conceptos **grande/pequeno. Suave/áspero.**

Traballamos o conto clásico **Garavanciño**.

## **NOVEMBRO**

Estamos en pleno outono e desde as nosas clases e o patio trataremos de percibir os cambios que sofre o noso entorno nesta época do ano.

### **“UN OUTONO CHEO DE CORES”**

Conversaremos sobre o tema valéndonos de murais, fotos, contos onde se aprecien as características do outono

Pisamos e pisamos e as follas esmagamos. **Xogamos con follas.**

**Facemos pitiños con globos e fariña.**

Celebramos o **magosto**.

Traballamos a **forma redonda**.

Manipulamos **froitos de outono**.

Ademais de seguir afianzando o **hábito de lavar as mans** a miúdo trataremos de avanzar en autonomía procurando **sacar a chaqueta soliños, colgala na nosa percha, coller o mandilón** e ca axuda da profe intentar **poñelo**.

Faremos **psicomotricidade** e traballaremos os **conceptos arriba/abaixo, subir/baixar**.

Si as circunstancias o permiten faremos **unha saída .????**

Sempre que o tempo o permita **sairemos o noso patio** a percibir o outono.

Contamos e traballaremos o conto clásico “**A casiña de chocolate**” .

## **DECEMBRO**

Un ano mais chega o Nadal e o noso entorno enchese de luces e panxoliñas. Na nosa escola poñemos a “**ARBORE DE NADAL** “ e decoramos as nosas clases con motivos navideños.

**Conversamos** e mostramos fotos, contos, láminas, murais relacionados co tema.

Preparamos o **Festival de Nadal**.

Falamos de **Papá Noel** e preparámoslle a carta cos agasallos que queremos que nos deixe.

**Cantamos panxoliñas**, tocamos ca pandeireta, campás, pandeiro ...

Traballamos os conceptos **dentro/fóra** por medio do corpo, no espazo e tamén con actividades sobre papel.

Facemos un **xogo con rolos** de papel que colgaremos no tendal da clase.

Faremos unha **árbore de Nadal** e decorarémola.

Manipularemos **froitos de inverno**: laranxas, limóns, mandarinas, kiwis. Intentaremos coller mandarinas que sexan doadas de pelar e intentaremos que as pelen os nen@s.

Probaremos e distinguiremos entre **doce/salgado**.

Contamos o conto clásico **CINCENTA**.

Coidaremos as nosas **plantiñas**.

## SEGUNDO TRIMESTRE

Ó longo do segundo trimestre pretendemos levar a cabo un pequeno proxecto sobre o conto **“A QUE SABE A LÚA”** e seguiremos traballando as emocións co conto **“O MONSTRUO DAS CORES”**

### XANEIRO

Despois de todos os agasallos que nos deixou Papá Noel temos moitos xoguetes para entreternos pero faltan os dos Reis Magos. Este mes imos falar dos xoguetes pero tamén do frío e da chuvía propia desta época. **“CHOVE, CHOVE, NA CASA DO POBRE”**

Conversamos sobre o tema dos **xoguetes** e da importancia de **coidalos, mantelos limpos e axudar a recoller** despois de xogar.

Na nosa Asemblea falaremos da **chuvia** e do **vento** que seguro que nos acompaña agora no **inverno**. Trataremos de percibir as características desta estación. Si é posible sairemos o patio de fóra.

Distinguimos entre **frío e quente**.

Experimentamos **pintando sobre xeo** e observamos que pasa.

Tratamos de orientarnos no espazo, na fila. Quen está **diante** e quen vai **detrás**.

Xogamos ca **cor vermella** utilizando diferentes materiais e técnicas plásticas e comparamos ca amarela.

Facemos o **boneco Cespín**.

Celebramos o **Día da Paz**.

Traballamos o conto **Brancadeneve**.

### FEBREIRO

**“CHEGOU O ENTROIDO E IMONOS DISFRAZAR”**. Este é o tema escollido para este mes dado que no noso entorno celebramos este acontecemento.

Preparamos a clase para o **Entroido** e conversamos en Asemblea sobre o tema.

Miramos catálogos, contos, murais onde aparezan imaxes relacionadas co tema.

Entre todos imos preparar o noso **disfrace**.

Celebramos o Entroido si as circunstancias o permiten.

Sementaremos e **plantaremos no noso horto**.

**Presentamos a forma** cadrada e comparamos ca **vermella**.

Facemos unha escultura **ensartando macarróns** en pinchos.

Traballamos os conceptos **meter e sacar**.

Distinguimos entre **un, poucos, moitos**

## MARZO

**“CANTAMOS E BAILAMOS, QUE BEN O PASAMOS”.** Todos os días nas nosas clases cantamos, bailamos e escoitamos música pero este mes imos dedicarlle especial atención. Ademais trataremos o tema dos animais. Este é un tema moi atractivo para os neno@s.

Traballamos con diferentes actividades o **son e o silencio**. **Xogo do silencio**.

Escoitamos diferentes **tipos de música**, bailamos e cantamos. Despois tratamos de relaxarnos e escoitamos melodías tranquilas.

**Facemos música** con diferentes obxectos e materiais.

Xogamos cos **instrumentos** que temos na clase.

Facemos sons cas partes do corpo

Escoitamos e recoñecemos sons dos instrumentos, da vida cotián, dos animais.

**Estampamos con rolos** de papel hixiénico.

Conversamos sobre os **animais** e as súas **características**.

Facemos sesións de **psicomotricidade** imitando os desprazamentos dos animais.

Utilizando diferentes técnicas e materiais **decoramos figuras de animais**.

Outras sesións de psicomotricidade pode ser **“Os animais tamén bailan”** utilizando as fotos do animal e as rimas que nos mostra.

Traballamos os trazos **de arriba/abaixo e dun lado/ó outro**. Facémolos no encerado con auga, con xiz e logo no papel.

Distinguimos entre **abrir e pechar**.

Contamos o conto clásico **A Leiteira**.

## TERCEIRO TRIMESTRE

Realizaremos durante este trimestre o proxecto **“A AUGA”**.

Seguiremos expresando e distinguindo **emocións** en nós mesmos e nos demais.

### ABRIL

**“QUÉN VIVE NA MIÑA CASA”** Por medio deste tema pretendemos acercar a vida familiar a escola e tamén coñecer as profesións que teñen os nosos pais.

- Mostramos fotos, contos, murais onde aparecen fotos de papás, mamás, avós e avoas, irmás, estancias da casa, accións que realizamos en cada sitio, **diferentes profesións...**
- Xogamos ca **cor azul** e comparamos ca vermella e amarela utilizando as diferentes técnicas plásticas.
- Traballaremos a autonomía e aprenderemos a **poñer a mesa**.
- **Xa pode só**. Sacaremos os zapatos e os calcetíns e logo volveremos a poñelos identificando cada un os seus. Seguro que precisan axuda.
- Celebraremos **a semana do libro**.
- Distinguiremos os conceptos **Amodo e rápido** facendo sesións de psicomotricidade.
- Xogaremos cos bloque lóxicos e distinguiremos **gordo e delgado**.
- Conto clásico **“Os 7 cabritos e o lobo”**
- Distinguiremos entre o **día** e a **noite**. Entre o **sol** e a **lúa**.



## MAIO

### “OS NEN@S DA NOSA ESCOLA SOMOS UNS ARTISTAS”

Na nosa escola facemos arte todos os días pero este mes queremos centrarnos nas diferentes técnicas plásticas e dedicaremos unha quincena a facer as nosas propias obras aprendendo dos artistas de verdade.

- Sobre a **Quincena da arte** faremos unha programación anexa.
- Conversaremos sobre a **primavera** que agora está en pleno esplendor.
- Descubriremos as características principais.
- Sairemos o máis posible o **patio de fóra** a percibir e gozar desta estación.
- **Xogaremos cas lanternas.**
- Usaremos a **mesa de luz.**
- Celebraremos o Día da familia.????
- Traballaremos o **conto Bambi.**

## XUÑO

“XA SOMOS MAIORES” Achegase o fin de curso, o verán, as vacacións.

- **Conversaremos** en asemblea sobre este tema utilizando os contos, murais, fotos que dispoñemos na clase.
- Preparamos o **Festival de fin de curso.**
- Manipulamos **froitos de verán.**
- Facemos **xeados** con froitas.
- Traballamos as **mesturas: azul e amarelo= verde, vermello e amarelo= laranxa.**
- Recollemos os **froitos do noso horto** si tivemos sorte ca colleita.
- Experiencias ca **auga. Flotación. Disolución.**
- Conto **Hansel e Gretel.**
- Circuito de **educación vial** a través de sesións de psicomotricidade.

Arredor dos 2 anos iniciase o proceso de **Control de Esfínteres**. Este mecanismo require un adecuado nivel madurativo do sistema nervioso. Non existe unha fecha fixa. Uns nen@s progresan máis rapidamente que outros e todos poden sufrir avances e recaídas. Non hai un tempo establecido para conseguir o control. Poñerémonos de acordo ca familia para levar a cabo este proceso e darémoslle a cada un o tempo que precise tendo a absoluta confianza que o conseguirá.

## IV.-CRITERIOS METODOLÓXICOS

Para a consecución das aprendizaxes en valores será de vital importancia a participación das familias a favor da continuidade e coherencia dos plantexamentos propostos pola escola.

Intentaremos educar na convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación, a liberdade, a responsabilidade, o respecto e o rexeitamento a todo tipo de discriminación e intolerancia.

A sociedade ten asignados papeis en función do sexo. Os nenos/as tenden a imitar accións do medio que lles rodea. Por isto, a escola, para evitar estereotipos, fará fincapé en: usar unha linguaxe non sexista, non discriminar

xoguetes, todos xogan con todo e a todo; respondemos afectivamente igual ós nenos que ás nenas; insistimos en que todos teñen que colaborar nas tarefas domésticas e por suposto na clase; os currunchos deben ser utilizados indistintamente por nenos que por nenas...

Procuraremos acercar aos nenos/as ó medio natural aprendendo a valorar a importancia que este ten para a vida das persoas e desenrolando actitudes de respecto e coidado del.

A saúde é un estado de benestar xeral que hai que procurar. Por iso é necesario fomentar nos nenos/as hábitos de saúde, principalmente de consumo de alimentos sans, de descanso, de hixiene e de prevención de accidentes.

En todo momento teremos moi en conta a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa consecuente participación na vida da escola

Deseñaremos o ambiente e organizaremos os espazos tendo en conta que dean resposta aos diferentes tipos de necesidades : necesidades de tipo físico, afectivo, de convivencia, de actividade , de movemento de expresión , etc.

Intentaremos organizar os espazos, tanto interiores como exteriores , de forma segura e flexible para permitir que os nenos e nenas fagan unha variedade de usos dos diferentes espazos ao longo da xornada .

Na escola existirán todo tipo de materiais para a estimulación das nenas e nenos , dispoñendo de maneira que se incentive a súa manipulación e facéndoas /os partícipes na responsabilidade do seu coidado e organización.

A organización do tempo farémola de forma moi flexible para poder adecuarse aos ritmos de actividade e descanso dos nenos e nenas .

Aínda que teremos moi presente a nosa cultura e potenciarémola en todo momento, imos ter presente que na nosa escola asisten nenos e nenas de outras culturas, polo que intentaremos convivir sen menoscabo delas.

Os nenos/as destas idades teñen unha visión global do mundo que se manifesta na súa forma de xogar e actuar. A nosa intervención educativa deberá evitar o parcelamento das actividades e deberemos aproveitar especialmente as situacións da vida cotiá para favorecer o traballo globalizado.

Dado que cada neno/a ten un bagaxe de aprendizaxe diferente, un ritmo propio de desenvolvemento ,..., deberemos ofrecerlles a cada un o que precisen para que por medio desta individualización consigan unha auténtica igualdade de oportunidades

Facilitarémolles a manipulación , exploración, etc, requisitos necesarios para conseguir unha aprendizaxe significativa

Propiciaremos actividades de xogo, tendo en conta que é a actividade que dá unha mellore resposta ao desenvolvemento dos nenos e nenas destas idades.

Fomentaremos vínculos afectivos, tan importantes nestas idades, entre nos e os nenos/as ,que lles servirán para sentir equilibrio e seguridade emocional na escola.

A avaliación terá un carácter permanente e sistemático , de maneira que nos proporcione información veraz e continua sobre os procesos de toda índole que teñen lugar no noso centro e que nos posibilite axustar ou mellorar os programas establecidos.

No noso proceso de avaliación deberemos recoller non só información de como vai evolucionado o desenvolvemento dos nenos e nenas nos ámbitos de aprendizaxe, senón tamén a propia planificación educativa, a organización de tempos e traballo dos equipos educativos e de servizos , e a interrelación coas familias e coa comunidade.